PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

IES POLITÉCNICO DE VIGO

REVISIÓN Nº2 :
DATA:13-04-2021

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 27/06/2016

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO:27/06/2016

DATA 1ª REVISIÓN:13/04/2021

DATA 2ª REVISIÓN:

O plan deberá revisarse cada 4 anos. Cada ano elaborarase unha concreción anual que se incluirá na PXA.

TÁBOA DE CONTIDO

Táboa de contido 2

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO EN RELACIÓN Á TIPOLOXÍA DO ALUMNADO 6

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES 9

2.1. ALUMNADO CON N.E.E. (PROBLEMAS DE CONDUTA E DISCAPACIDADE) 9

2.2. ALUMNADO CON PROBLEMAS DE CONDUTA 11

2.3. ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE 12

2.4. ALUMNADO CON TDAH 13

2.5. ALUMNADO TEA (INCLUÍNDO ASPERGER) 17

2.6. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS 20

2.7. ALUMNADO CON INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO, OU POR CONDICIÓNS PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR 22

A. INMIGRANTES 23

B. ALUMNADO REPETIDOR 23

C. ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES 24

D. ALUMNADO CON ATENCIÓN HOSPITALARIA OU DOMICILIARIA 24

E. ALUMNADO CON ATRASO CURRICULAR XENERALIZADO 24

F. ALUMNADO CON RISCO SUICIDA 25

G. ALUMNADO ABSENTISTA 26

H. ALUMNADO EN RÉXIME DE ACOLLEMENTO OU EN SITUACIÓN SOCIAL DESFAVORECIDA 26

3. OBXECTIVOS 27

3.1 OBXECTIVOS XERAIS 27

3.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS 27

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 28

4.1. PROCEDEMENTOS PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO 28

A. COMUNICACIÓN AO TITOR/A 28

B. TRASLADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN 29

C. RECOLLIDA E INCORPORACIÓN DA INFORMACIÓN PROPORCIONADA DA ETAPA ANTERIOR 29

D. COMUNICACIÓN DA INFORMACIÓN RELEVANTE AO PROFESORADO NA AVALIACIÓN INICIAL 30

4.2. RELACIÓN DE PROGRAMAS DE IMPLEMENTACIÓN POTENCIAL E ORGANIZATIVAS PREVISTAS PARA TODO O CENTRO 30

A. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DO ALUMNADO 30
B. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DAS FAMILIAS 30
C. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DO PROFESORADO DE NOVA INCORPORACIÓN .. 30
D. CONTRATOS-PROGRAMA 31
E. PFP RELACIONADOS COA CONVIVENCIA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 32
F. PROTOCOLO DE ABSENTISMO 32
G. PROTOCOLO TDAH 32
H. PROTOCOLO TEA 32
I. PROCEDEMENTO CO ALUMNADO EN ATENCIÓN DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA 33
J. PROCEDEMENTO DE INCLUSIÓN DO ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA 33
K. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES 34
L. PLAN DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO REPETIDOR 34
M. PROTOCOLO IDENTIDADE DE XÉNERO 36
N. PROGRAMA DE INTERVENCIÓN POLA DIVERSIDADE AFECTIVO SEXUAL. TITORÍA LGTBQA. 36

5. MEDIDAS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS 35

5.1. MEDIDAS ORDINARIAS 35
A. ELABORACIÓN DOS GRUPOS 35
B. DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS 36
C. EXENCIÓNS DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA 36
D. APLICACIÓN DE REFORZO EDUCATIVO 36
E. APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA 37
F. PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR 38
G. PROGRAMAS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS 39
H. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN E SEGUIMENTO DE MATERIAS PENDENTES 40
I. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS 41
J. PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS E MELLORA DA CONVIVENCIA 41

5.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS 42
A. ADAPTACIÓNS CURRICULARES 43
B. AGRUPAMENTOS FLEXIBLES 46
C. APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU EN AUDICIÓN E LINGUAXE 48
D. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN 49
E. PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (PMAR). 51

F. FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA 55
G. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE, POR CIRCUNSTANCIAS DIVERSAS, PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA A UN CENTRO EDUCATIVO 57
H. ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA 59
I. GRUPOS DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS 60
J. GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR 62
K. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA CON DESFASE CURRICULAR 63
6. **CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS E MEDIDAS DESEÑADAS** 64
6.1. MEDIDAS ORDINARIAS 64
A. ELABORACIÓN DOS GRUPOS 64
B. DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS 64
C. EXENCIÓNS DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA 64
D. APLICACIÓN DE REFORZO EDUCATIVO 65
E. APOIO DO PROFESORADO DENTRO DA AULA 65
F. PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR 65
G. PROGRAMAS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS 65
H. PROGRAMAS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES 66
I. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS SUSPENSAS 66
J. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS 66
K. PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS E MELLORA DA CONVIVENCIA 66
6.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS 67
A. ADAPTACIÓNS CURRICULARES 67
B. AGRUPAMENTOS FLEXIBLES 67
C. APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU EN AUDICIÓN E LINGUAXE 67
D. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN 68
E. PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (PMAR). 68
F. FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA 68
G. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE, POR CIRCUNSTANCIAS DIVERSAS, PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA A UN CENTRO EDUCATIVO 68
H. ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA 69
I. GRUPOS DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS 69
J. GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR 69

K. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA CON DESFASAMENTO CURRICULAR 69

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN ... 70

7.1. REUNIÓNS NO PROPIO CENTRO ... 70

7.2. REUNIÓNS COS CENTROS ADSCRITOS ... 70

7.3. REUNIÓNS COS PROFESIONAIS QUE ATENDEN ALUMNADO EN ATENCIÓN DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA ... 71

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO ... 71

8.1. COLABORACIÓN CON FAMILIAS OU TITORES LEGAIS ... 71

8.2. COLABORACIÓN CON INSTANCIAS EXTERNAS ... 71

8.3. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO ... 72

9. PROTOCOLO DE DERIVACIÓN DO ALUMNADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ... 72

10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN ... 73

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO EN RELACIÓN Á TIPOLOXÍA DO ALUMNADO

O IES Politécnico de Vigo é un centro de titularidade pública , conta cun total de 1500 alumnas e alumnos aproximadamente e acolle as seguintes ensinanzas:

- Ensinanza Secundaria Obrigatoria, en réxime ordinario e para persoas adultas (niveis III e IV).
- Bacharelato na especialidade de Ciencias e Tecnoloxía, en réxime ordinario e de adultos.
- Bacharelato na especialidade de Artes, en réxime ordinario e de adultos.
- Ciclo FP Básica en Electricidade e Electrónica.
- Ciclo Medio de Instalacións eléctricas e Automáticas, en réxime ordinario e de adultos.
- Ciclo Medio de Mantemento electromecánico, en réxime ordinario e Dual.
- Ciclo Medio de Mecanizado, en réxime ordinario e de adultos.
- Ciclo Superior en Automatización e robótica industrial, en réxime ordinario e de adultos.
- Ciclo Superior en Sistemas electrotécnicos e automatizados, en réxime ordinario e de adultos.
- Ciclo Superior en Mecatrónica industrial.
- Ciclo Superior en Prevención de riscos profesionais.
- Ciclo Superior en Programación da produción en fabricación mecánica, en réxime ordinario e de adultos.
- Ciclo Superior en Proxectos de edificación, en réxime ordinario e de adultos.
- Ciclo Superior en Proxectos de obra civil, en réxime ordinario e de adultos.
- Ciclo Superior en Realización e plans de obra.

Como novidade este curso 2020 iníciase un Curso de especialización de Grao Superior en Fabricación Intelixente.

Prestan actualmente os seus servizos 140 profesoras e profesores aproximadamente. Ademais, traballan no centro cinco persoas nos labores administrativos, cinco subalternos e sete limpadoras.

A atención á diversidade é un dos grandes retos para o sistema educativo e, en concreto para os centros escolares, require do axuste da intervención educativa ás necesidades reais do alumnado para asegurar unha acción educativa de calidade, o que esixe aos centros e ao profesorado, unha importante tarefa de reflexión e de traballo, xa que a atención á diversidade é tarefa de todas e todos.

Segundo a lexislación vixente, enténdese por **atención á diversidade** o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivación, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

Enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e están recollidas no Plan Xeral de Atención á diversidade e nas concrecións anuais de dito Plan.

Dentro desta diversidade xeral, algún alumnado precisa dunha atención diferente á ordinaria:

- Por presentar necesidades educativas especiais (NEE: alumnado que requira por un período da súa escolarización ou ao longo dela, determinados apoios e atencións educativas especificas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta).
- Por presentar dificultades de aprendizaxe.
- Polas súas altas capacidades intelectuais.
- Por terse incorporado tardiamente ao sistema educativo.
- Por condicións persoais e/ou de historia escolar.

Para todos eles, unha vez identificadas as necesidades específicas, será preciso ir adaptando as respostas educativas dende as programacións xerais e as programacións da aula, ata aquelas outras propostas que modifiquen máis ou menos significativamente a proposta curricular, podendo chegar a requirir propostas organizativas diferenciadas e recursos persoais de apoio máis ou menos especializados, sempre desde os principios de normalización e inclusión. É por iso que priorizaremos as medidas ordinarias e soamente despois considerararanse as medidas extraordinarias, cando se valore e xustifique a súa necesidade.

O **Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD)**, que forma parte do **Proxecto Educativo (PE)**, será o instrumento que guíe a *planificación anual das medidas educativas de atención á diversidade do centro*, no marco da **Programación Xeral Anual (PXA)**, e coa seguinte base normativa:

- **LOE**: no seu **preámbulo** sinálase que a atención á diversidade establécese como principio fundamental que debe rexer toda a ensinanza básica, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación axeitada ás súas características e necesidades.

  No **artigo 22**, referido aos principios xerais da educación secundaria obrigatoria, indícase que esta etapa organizarase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado.

- **Decreto 133/2007** polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, no artigo 13, apartado 2, sinálase que no caso de detectarse dificultades de aprendizaxe os centros deberán poñer en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes ás características do seu alumnado e que poden ser tanto organizativas como curriculares.

- **Decreto 229/2011** regúlase a atención á diversidade do alumnado coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumno e alumna e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolle a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos na etapa da educación secundaria obrigatoria.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

O IES Politécnico de Vigo é un centro que escolariza alumnado de distintas etapas educativas en canto ao nivel, tipo de formación, réxime etc, ten que dar respostas educativas a unha grande diversidade de alumnado. Resulta insuficiente unha soa especialista en pedagoxía terapéutica para atender as demandas que require o alumnado, profesorado e familias no ámbito da atención á diversidade, acción titorial e orientación vocacional.

Atópase un elevado índice de dificultades xeneralizadas de aprendizaxe nas áreas instrumentais, fundamentalmente con referencia ao uso das linguas en xeral a nivel expresivo (oral e escrito) e receptivo, precisando adoptar medidas organizativas e curriculares axeitadas.

- Existen dificultades no desenvolvemento e afianzamento das técnicas instrumentais básicas: expresión oral e escrita, razoamento lóxico, cálculo mental.
- Non hai adquiridos hábitos de traballo. Deficiente organización do traballo persoal (calendario, horario diario de estudo, axenda). Emprego dun método de estudo memorístico. En proceso de adquisición das técnicas de traballo intelectual (lectura comprensiva, subliñado, resumo, esquemas, comentario de textos).

O departamento de orientación participará na elaboración d**a concreción curricular** incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, nos principios de inclusión e avaliación formativa, adecuación dos criterios de promoción e optatividade; así como na elaboración e/ou modificación dos diversos plans e proxectos que o integran (Plan Convivencia, Plan Igualdade, Plan Anual atención á diversidade, Plan de Acción Titorial, Plan de Orientación Anual).

2.1. ALUMNADO CON N.E.E. (PROBLEMAS DE CONDUTA E DISCAPACIDADE)

O centro escolariza alumnado que presenta discapacidade derivada de distintos factores e situacións tanto nas etapas obrigatorias como postobrigatorias.

A resposta educativa ás necesidades específicas de apoio educativo teñen un carácter individualizado cando requiren medidas extraordinarias de atención á diversidade,

como adaptacións curriculares individualizadas, programa de mellora de aprendizaxe e rendemento, apoio educativo fóra da aula ordinaria que acostuman acompañarse de medidas ordinarias como a titoría e os programas de reforzo na etapa obrigatoria.

Nas etapas postobrigatorias do Bacharelato as adaptacións curriculares que require o alumnado que presenta discapacidade afectan a elementos non prescritivos e de acceso ao currículo e nos ciclos formativos de Formación Profesional poderán realizarse flexibilizacións do curso tal e como se recolle na lexislación vixente.

Trataremos neste apartado o **alumnado con discapacidade intelectual** que require da coexistencia de tres criterios relacionados entre si: a existencia dun funcionamento intelectual significativamente inferior á media, a presenza de dificultades en dúas ou máis habilidades adaptativas e que se manifeste antes dos 18 anos.

Referímonos a discapacidade intelectual cando esta sexa a primeira causa de discapacidade na diagnose. A súa orixe pode ser moi diversa.

O alumnado con discapacidade intelectual require de identificación temperá das necesidades educativas especiais para dar a resposta educativa máis axeitada, xa que a concepción dinámica da intelixencia e a consideración proposta por Gardner, dunha estrutura múltiple con sistemas cerebrais semiautónomos que poden interactuar entre si, fan que a intervención educativa entendida en sentido amplo (familiar, social, escolar, psicopedagóxica, etc) sexa clave no desenvolvemento das capacidades deste alumnado.

A finalidade da educación das persoas con discapacidade intelectual é a mesma que para o resto da poboación escolar, acadar o desenvolvemento integral das súas capacidades, potenciando ao máximo todas as súas posibilidades.

A avaliación psicopedagóxica ten por obxecto explorar esas capacidades e tratar de esclarecer cales son as dificultades que o alumno ou alumna ten para adquirir aprendizaxes novas. O máis común é que estas dificultades aconsellen a elaboración dunha adaptación do currículo de carácter significativo (ACI). O seu desenvolvemento realizarase, sempre que for posible, integrado nas accións educativas ordinarias do grupo aula ao que pertence o alumno ou alumna.

Alumnado destas características atópase na actualidade na etapa obrigatoria de ESO e no Ciclo Básico de Formación Profesional. Todos eles requiren de medidas

extraordinarias de atención á diversidade (ACI, Apoio fóra da aula ordinaria, Agrupamento Específico, PMAR) e tamén das ordinarias (titoría, reforzo e apoio educativo na aula ordinaria, titorización e axuda entre iguais).

Tamén teremos en conta a posibilidade de cambiar de modalidade de escolarización cando as circunstancias do caso foren valoradas como a mellor opción, realizando o pertinente ditame coa autorización da familia.

A normativa vixente establece que, no caso do alumnado con discapacidade intelectual, pódese solicitar a flexibilización da duración do período de escolaridade.

2.2. ALUMNADO CON PROBLEMAS DE CONDUTA

Entendemos por problemas de conduta os comportamentos que afectan negativamente a un mesmo e ao contorno en que un vive (familia, escola, actividades extraescolares, etc) por romper as normas de convivencia e deteriorar o desenvolvemento persoal e social. Para consideralos como tales hai que avaliar a intensidade, duración, frecuencia e idade a que se presentan e o medio sociocultural.

Son trastornos máis estables e, polo tanto, máis resistentes á intervención que os trastornos situacionais transitorios, pero menos persistentes que os trastornos estruturais de personalidade e a psicose.

Dende unha perspectiva interdisciplinar, que integra a visión educativa, sanitaria e social, os problemas de conduta máis frecuentes son:

- Trastorno por déficit de atención con hiperactividade.
- Comportamentos oposicionistas desafiantes.
- Conduta disocial.
- Violencia entre iguais.
- Trastorno de ansiedade.
- Problemas dos sistemas familiar, escolar e social.

Os problemas de conduta poden ser “explosivos”, que chaman poderosamente a atención, como o trastorno disocial; ou “implosivos”, que rompen cara a dentro e que, ainda que non chamen tan poderosamente a atención, causan un sufrimento persoal importante, como ocorre coa ansiedade.

Os problemas de conduta con maior prevalencia no centro son os derivados de trastorno por déficit de atención con hiperactividade e problemas do sistema familiar, especialmente en 1º curso de Ciclo Básico e ESO, pero tamén nos últimos anos hai un incremento de problemas derivados de trastorno de ansiedade en alumnado de Bacharelato.

2.3. ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE

Os trastornos da aprendizaxe defínense en base a un rendemento escolar por debaixo do esperado nas capacidades para a lectura, o cálculo e/ou expresión escrita, tendo en conta a idade cronolóxica do alumnado, a súa escolarización e o seu nivel intelectual, que interfire negativamente no desenvolvemento do proceso curricular que require a adquisición das anteditas destrezas.

As dificultades específicas de aprendizaxe refírense fundamentalmente aos trastornos da lectura, do cálculo, da escritura e ao trastorno da aprendizaxe non tipificado que inclúe os trastornos da aprendizaxe que non cumpren os criterios de calquera outro trastorno da aprendizaxe indicado e poden facer referencia a dificultades no rendemento escolar xeneralizado, aínda que non se concreten en déficits de lectura, escritura e/ou cálculo de maneira precisa (estudantes lentos, falta de comprensión global, etc).

A resposta educativa axeitada ás dificultades específicas da aprendizaxe consistirá en detectar cales son as axudas que os estudantes precisan para progresaren na súa aprendizaxe e empregar estas axudas en prol das necesidades inicialmente avaliadas. A avaliación inicial de necesidades e individualización e personalización da ensinanza require dunha ratio máis reducida que a actual, así como da intervención de dous profesores/as na aula ordinaria. A inclusión do alumnado con necesidades específicas de aprendizaxe na aula ordinaria require a aplicación dunha metodoloxía cooperativa e de profesorado facilitador da aprendizaxe con intercambio de roles entre profesorado da materia e profesorado especialista en pedagoxía terapéutica.

A coordinación entre o profesorado e departamento de orientación, no que se refire ao asesoramento tanto do labor titorial como dos aspectos metodolóxicos derivados da aplicación de estratexias que permitan a axuda entre iguais e unha intervención máis directa co alumnado, serán tamén medidas que favorezan a inclusión.

2.4. ALUMNADO CON TDAH

O trastorno por déficit de atención e hiperactividade é un patrón persistente de conduta de desatención, hiperactividade e impulsividade que comeza a manifestarse ao longo da infancia e que inflúe negativamente no funcionamento e no desenvolvemento das nenas, dos nenos e dos adolescentes afectados.

A **desatención** obsérvase na existencia de comportamentos como a dificultade para manter a concentración nas tarefas, a falta de perseveranza durante a súa realización e a desorganización.

A **hiperactividade** refírese ao exceso de mobilidade e á inquietude constante (nas persoas adolescentes e adultas afectadas por TDAH só permanece, habitualmente e de maneira interna, a inquietude).

E a **impulsividade** ten que ver coas actuacións sen pensar nas consecuencias, coa procura da recompensa inmediata, así como a dificultade para agardar polos beneficios que se demoran no tempo.

As manifestacións características do TDAH danse nos distintos ámbitos en que a persoa afectada se desenvolve (na familia, na escola, no traballo, cos iguais, nas actividades de lecer, etc.), aínda que adoitan variar e ser diferentes dependendo do contexto.

De igual modo, os signos do trastorno poden ser leves ou mínimos naquelas situacións en que a persoa afectada está a recibir recompensas ou incentivos constantes, en situacións novas ou pracenteiras, ou cando está baixo unha estreita supervisión.

Pola contra, fanse máis notorios os síntomas naquelas situacións en que a actividade é monótona e pouco motivadora e cando o froito ou o resultado desta non se produce de forma inmediata.

É normal que as manifestacións condutuais (síntomas) do trastorno varíen dunha persoa a outra e tamén o é que a presentación dos síntomas poida variar nunha mesma persoa ao longo do seu crecemento. Na actualidade, considérase que o trastorno pode amosarse en tres modalidades diferentes:

Presentación combinada. é a máis habitual, e nela, tanto os síntomas de inatención como os de impulsividade-hiperactividade danse nun grao excesivo para o nivel evolutivo da persoa.

Presentación predominantemente impulsivo-hiperactiva, nela predominan os síntomas de impulsividade e/ou hiperactividade, mentres que os síntomas de inatención

teñen unha menor presenza. Esta presentación é máis frecuente nas nenas e nos nenos de menor idade.

Presentación predominantemente inatenta, nesta presentación existe unha maior presenza dos síntomas de inatención.

Nalgúns casos apréciase que a presentación predominantemente inatenta se dá sen a presenza notoria de impulsividade e hiperactividade e acompañada do que se denominou **"tempo cognitivo lento"**, que é o funcionamento caracterizado pola lentitude, pola tendencia a estar nas nubes ou a soñar esperto.

De acordo con todo o indicado, cómpre ter en conta que o TDAH non é un problema trivial e pasaxeiro, pois pode ocasionar ás persoas que o sofren significativos prexuízos no seu funcionamento na vida cotiá (vida familiar, desempeño educativo, relacións sociais, laborais ou de parella).

Non obstante, as intervencións e os tratamentos dispoñibles poden mellorar, sensiblemente, o curso destas dificultades e permitir ás persoas afectadas desenvolvérense axeitadamente e levar a cabo unha vida escolar, social e laboral con éxito.

O ámbito escolar é, seguramente, o lugar no que máis repercusión ten o TDAH para a vida cotiá das nenas e dos nenos afectados e onde son máis evidentes as súas dificultades.

O alumnado con TDAH adoita amosar pouca produtividade no traballo escolar e obtén, co tempo e de forma persistente, malos resultados académicos, que ocasionan un crecente fracaso escolar. O profesorado pode apreciar como características máis salientables no funcionamento escolar do alumnado con TDAH as seguintes:

- Precisan supervisión individual para comezaren as tarefas e para mantérense traballando nelas. Non as inician de xeito autónomo.
- Precisan instrucións individuais, porque non escoitan as instrucións xerais dadas ao grupo.
- Teñen un ritmo de traballo moi lento. Traballan de xeito lento e/ou con frecuentes interrupcións e non dan rematado a tempo.
- Producen un traballo escolar de pouca calidade (desordenado, con moitos erros, etc.).
- Teñen mal rendemento nos exames e nos controis, peor do esperable polo seu nivel de dominio da materia.

- En xeral, o seu rendemento escolar está por debaixo do que poderían ter.

Así mesmo, con frecuencia e canto máis intensa é a impulsividade-hiperactividade, teñen problemas para cumprir as normas e as instrucións da aula, manéxanse ruidosamente e distorsionan a súa marcha xeral, ata o punto de que cando faltan á escola "a clase vai máis tranquila". De aí que ese alumnado requira maior supervisión ca o resto para conseguir un comportamento aceptable.
Por outra parte, o funcionamento escolar a medio e longo prazo do alumnado con TDAH caracterízase, frecuentemente, polo atraso escolar -incluídas as repeticións de curso-, o baixo nivel de rendemento e a existencia de dificultades relativas á convivencia escolar -sancións, medidas correctoras etc. Debido a todo o mencionado, este alumnado presenta un maior risco de absentismo e de abandono escolar temperán.

Actuacións dos servizos de orientación

A orixe da sospeita de que unha alumna ou un alumno poida presentar TDAH pode proceder de diferentes fontes: da familia, do profesorado titor, doutro profesorado, e tamén do propio orientador ou orientadora ante a presenza de dificultades na súa marcha escolar. Cando isto sucede faise necesaria a intervención dos servizos de orientación, en concreto, da orientadora ou do orientador do centro educativo.

E esa intervención debe estar precedida dunha solicitude escrita procedente dos ámbitos escolar ou familiar, segundo o modelo que o Departamento de Orientación do centro educativo teña establecido no seu Plan xeral de atención á diversidade.
A persoa que realiza a solicitude debe especificar, cando menos, o motivo dela, cales foron os primeiros elementos de alarma e cando se produciron, así como as medidas que xa se adoptaron. Esa solicitude debe contar, de ser o caso, coa autorización escrita da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno.
Unha vez que a orientadora ou o orientador recibe a solicitude de intervención comeza o desenvolvemento da avaliación psicopedagóxica, en que se poderá solicitar, de ser necesaria, a colaboración do correspondente equipo de orientación específico (EOE), segundo o procedemento establecido para o efecto.

A avaliación psicopedagóxica

A avaliación psicopedagóxica desenvolverase segundo se establece na normativa que a regula. O orientador ou a orientadora informará á familia do seu resultado e farase fincapé nas necesidades dos distintos ámbitos e na importancia da coordinación cos servizos sanitarios e/ou sociais, se fose necesaria. Por outro lado, informarase tamén sobre as características do trastorno e sobre o tratamento psicoeducativo que se propón.

En todo caso, cando existiren fundadas sospeitas de que un alumno ou unha alumna presenta TDAH, esta avaliación debe obter información obxectiva, entre outras cousas, sobre:

• O grao de presenza de síntomas característicos do trastorno apreciados pola familia, de acordo cos criterios diagnósticos para o TDAH.

• O grao de presenza de síntomas característicos do trastorno apreciados polo profesorado, de acordo cos criterios diagnósticos para o TDAH. Dende o punto de vista do profesorado, enténdese recomendable a obtención de información dos distintos integrantes do equipo docente e referida a diferentes situacións que se producen no ámbito escolar (aula, patio de recreo, comedor, autobús, etc.).

• A presenza de síntomas que suxiran a existencia doutras dificultades ou condicións que poden acompañar (comórbidas) ao TDAH.

• O desenvolvemento cognitivo da alumna ou do alumno.

• O grao de competencia da alumna ou do alumno na lectura, na escritura e no cálculo.

O informe psicopedagóxico

O informe que recolla as conclusións da avaliación psicopedagóxica debe axustarse ao establecido legalmente e nel deben identificarse, con claridade:

• As manifestacións apreciadas na alumna ou no alumno e o grao en que son compatibles co establecido no DSM-IV TR para o TDAH.

• A evidencia das repercusións negativas que se están a producir no funcionamento educativo, familiar e social da alumna ou do alumno.

• O grao de severidade global apreciado.

• A necesidade específica de apoio educativo que presenta a alumna ou o alumno e a proposta de recursos e medidas que se estiman necesarias, así como as orientacións para a intervención educativa.
• A necesidade de realizar o seguimento das medidas de atención á diversidade que afectan á metodoloxía e instrumentos de avaliación seguindo o protocolo de consenso para o tratamento do alumnado con TDA-H.

2.5. ALUMNADO TEA (INCLUÍNDO ASPERGER)

Os trastornos xeneralizados do desenvolvemento, supón a referencia dun variado grupo de trastornos de orixe neurobiolóxica que aparecen nos primeiros anos de vida e que afectan ás capacidades de **relación, comunicación e imaxinación**.

A proporción é de 4-5 persoas afectadas por cada 10.000 segundo as distintas fontes, con independencia de raza, cultura e ámbito xeográfico. Estes trastornos son catro veces máis frecuentes nos nenos que nas nenas, pero a gravidade dos síntomas destas últimas é moito maior.

Ante o notable incremento do número de persoas diagnosticadas con este trastorno , tentouse buscar unha explicación causal ao mesmo e parece que existe certo consenso en atribuir este incremento ao aumento demográfico e a que na actualidade se diagnostica con maior precisión.

En canto aos síntomas que presentan as persoas afectadas por algún destes trastornos, deberemos ter en conta que todas elas mostran en diferente medida unha **alteración cualitativa nas seguintes dimensións:**

Interacción social, entendida como a capacidade para establecer relacións sociais.

Comunicación e Linguaxe, capacidade para establecer e manter unha comunicación e uso correcto da lingua.

Rixidez mental/intereses restrinxidos, entendida como a necesidade de rutinas, interese parcial polos obxectos, etc.

Sintomatoloxía asociada

Frecuentemente, preséntanse asociadas as seguintes características:

Déficit cognitivo: Arredor do 70% presenta algún tipo de deficiencia mental.

Condutas disruptivas: Hiperactividade, Impulsividade, Autolesións…

Manierismos: Movimentos superfluos, discordantes, complicados, etc.

Ás dificultades propias do diagnóstico, trátase dun proceso longo e complexo, hai que engadir as derivadas de tratarse de varios trastornos cunha sintomatoloxía similar pero que contan tamén coas súas diferenzas.

Podemos englobar neste colectivo:

Trastorno Autista.

Trastorno desintegrativo infantil

Síndrome de Rett

Síndrome Asperger

Trastorno xeneralizado do desenvolvemento non especificado.

Nos foros nacionais e internacionais estase introducindo a expresión trastorno do espectro autista (TEA), resaltando a noción dimensional dun continuo en que se altera cualitativamente o conxunto das funcións citadas anteriormente.

Faise imprescindible unha valoración psicopedagóxica que facilite a intervención educativa.

O trastorno autista: Mostran unha alteración no seu comportamento antes dos tres anos de vida ao presentaren condutas simples, repetitivas ou obsesivas e demostrar desinterese aparente cara ás outras persoas. Teñen dificultades ou incapacidade expresiva na linguaxe oral e na súa comprensión. A simbolización é outro dos aspectos que se mostra altamente deficitario.

O trastorno desintegrativo infantil: Despois dunha evolución normal durante os dous ou tres primeiros anos de vida, pero antes dos dez, as persoas afectadas presentan unha perda notoria das habilidades adquiridas nas áreas cognitiva, da linguaxe expresiva ou comprensiva, do comportamento adaptativo, da motricidade, do control vesical ou intestinal e do xogo. É menos frecuente ca o anterior e máis común nos nenos ca nas nenas.

Síndrome de Rett: É un tipo de alteración que afecta maioritariamente ás nenas. Despois dun desenvolvemento dentro dos parámetros normais, prodúcese unha

dexeneración neurolóxica que provoca unha desaceleración no crecemento cranial, perda das habilidades manuais acadadas previamente, diminución temporal da interacción social, alteración da marcha e dos movementos do tronco, da linguaxe expresiva e receptiva así como un grave deterioro cognitivo.

Síndrome Asperger. Trátase do trastorno que presenta un prognóstico máis favorable. Parece afectar en maior proporción aos varóns e acostuma a ser diagnosticado máis tarde ca o autismo, a partir dos catro anos. Non presenta unha alteración clinicamente significativa da linguaxe pero si torpeza na comunicación non verbal. Teñen dificultades na área de habilidades sociais e na motricidade grosa e fina. Mostran un patrón de intereses restritivos e, polo xeral, non amosan un déficit cognitivo. A medida que crecen son capaces de recoñecerense diferentes aos demáis, pero teñen dificultades para faceren amigos/as.

Trastorno xeneralizado do desenvolvemento non especificado/ autismo atípico.

Nesta categoría inclúense as persoas que tendo alteradas as funcións da interacción social recíproca, as habilidades de comunicación non verbal, e tendo rixidez mental, non encaixan exactamente dentro dos trastornos explicados anteriormente.

A detección temperá

A importancia dun diagnóstico precoz e dunha atención temperá que lles permita ás persoas afectadas e ás súas familias:

- Mellorar o funcionamento intelectual.
- Diminuir os problemas de conduta.
- Estimular o desenvolvemento da linguaxe.
- Potenciar a integración escolar.
- Reducir o nivel de estrés da familia.

Para a detección temperá deberanse ter en conta tres niveis sucesivos de actuación:

- Vixilancia do desenvolvemento.
- Detección das persoas con risco de estar afectadas por TXD.
- Avaliación para a diagnose específica que permita unha axeitada intervención personalizada, así como o apoio á familia.

A intervención é multidisciplinar e debe contar coa colaboración de profesionais sanitarios, sociais e educativos.

A intervención no noso centro educativo realízase co alumnado TEA diagnosticado con Síndrome de Asperger seguindo o protocolo de actuación coas modificacións metodolóxicas e de instrumentos de avaliación, como medidas ordinarias de atención á diversidade ata modificacións que afectan a elementos prescritivos do currículo como secuenciación dos contidos o priorización de competencias no caso de medidas extraordinarias como PMAR.

2.6. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

Enténdese por alumnado de altas capacidades cando se dan as seguintes características:

Unha capacidade intelectual moi superior á esperada para a súa idade, unha alta creatividade e un alto grao de motivación e perseveranza. Estas tres características relacionanse entre si e co ambiente sociocultural en que se desenvolven; tamén teñen un peso específico importante os factores ambientais como a familia e a escola, que son elementos fundamentais para o desenvolvemento das súas capacidades.

Respecto á incidencia da sobredotación, nos diversos estudos aparecen importantes discrepancias sobre o volume desta poboación, aínda que a maior parte deles coinciden en situala no intervalo do 1 ao 3% da poboación escolar.

Estas diferencias débense a problemas na súa identificación unida a certa controversia terminolóxica. Consideracións sociais de xénero, de clase social e incluso de etnia inflúen no encubrimento de parte desta poboación, o que nos fai considerar a necesidade de afinar os métodos de identificación nos colectivos sinalados.

As persoas con altas capacidades supoñen un conxunto de poboación tan diverso como calquera outro grupo humano, polo que hai que ter coidado no manexo dos tópicos sobre eles.

Identificación e Valoración

A idea de que un alumno ou alumna, simplemente por ter altas capacidades , vai ter mellores logros ca os demais de maneira espontánea e non precisa atención, é errónea.

Cando non se identifica e non se proporciona unha resposta educativa axeitada, é fácil que traballe sen motivación, é posible que renda por debaixo das súas posibilidades e doadamente poden xurdir problemas de integración e conflitividade.

O factor clave para a identificación é non esquecer que o que realmente interesa non é a identificación da sobredotación en si mesma, senón a valoración das súas necesidades educativas.

Ademais de valorar a competencia curricular valoraranse tamén as súas capacidades intelectuais, aptitudes específicas, intereses, creatividade, motivación, perseveranza nas tarefas, adaptación socioemocional ou calquera dato que puider resultar de interese.

Nesta identificación terán un papel fundamental o profesorado, as familias e os compañeiros e compañeiras, xunto coa acción especializada do departamento de orientación e equipo de orientación específico da especialidade de altas capacidades.

Resposta educativa

O alumnado de altas capacidades require dunha resposta educativa diferenciada e diversificada sendo consecuencia dun continuo de medidas graduais que teñen o seu inicio nas medidas de atención á diversidade recollidas neste documento.

As estratexias empregadas con maior frecuencia son as seguintes:

Medidas de enriquecemento: Baseadas na individualización da ensinanza, consisten en deseñar programas axustados ás características de cada alumna ou alumno, ao tempo que se manteñen co seu grupo clase. Teñen a vantaxe de non producir consecuencias negativas na súa socialización. Os axustes no programa ordinario poden ser máis significativos canto maiores foren esas necesidades educativas. Na elaboración de adaptacións curriculares individuais o máis frecuente é o uso de dous tipos de estratexias:

Adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical: consisten en aumentar a cantidade de contidos a aprender nunha ou varias materias.

A ampliación curricular de enriquecemeto horizontal: o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, prevalecendo a profundización e a realización de interconexións entre contidos que se aprenden.

Agrupamentos

A formación de grupos de alumnado con altas capacidades nalgún momento do horario escolar, para tratar de atender mellor o desenvolvemento das súas capacidades.

Medidas de aceleración

Supoñen unha flexibilización do período de escolarización. Esta medida baséase fundamentalmente na competencia curricular e poderase adoptar cando os obxectivos do curso seguinte estean xa conseguidos, pero tendo en conta tamén se é unha medida axeitada con respecto ás restantes facetas do seu desenvolvemento persoal. Esta medida que aparece recollida na lexislación vixente ten dúas posibilidades:

- Anticipar aos 5 anos o inicio da idade obrigatoria.
- Reducir a duración total da escolaridade obrigatoria.

As medidas de aceleración deberán ir acompañadas de adaptacións curriculares para que non se traduzan sen máis nun simple adianto de curso. Imponse unha valoración continuada do proceso, que debe poder ser revocado en calquera momento de comprobarse que non se cumpren as condicións previstas.

2.7. ALUMNADO CON INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO, OU POR CONDICIÓNS PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR

O alumnado pode presentar necesidades específicas de apoio educativo por terse incorporado tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Tendo en conta que todo o alumnado é diverso, as súas condicións tamén o son.
O alumnado que presenta necesidades educativas específicas debido á súa historia escolar ou condición persoais é un colectivo moi amplo que inclúe o alumnado que manifeste dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición dos obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías, por situación socioculturais desfavorables, por unha escolarización desaxustada ou pola combinación destes motivos.
Este alumnado é motivo de atención personalizada cando presenta un retraso significativo nunha ou varias áreas ou materias, cun desfasamento curricular xeral sen

ter necesidades educativas especiais ou dificultades de aprendizaxe e sen terse incorporado tardiamente ao sistema educativo.

Por outra banda, o alumnado pode incorporarse de maneira tardía ao sistema educativo por diferentes motivos, nestes motivos a historia persoal e escolar é tamén moi importante, na maioría dos casos estamos a falar de alumnado procedente do estranxeiro, no entanto, poden existir casos de neglixencia.

Neste colectivo tan amplo, debemos considerar:

A. INMIGRANTES

A chegada de poboación de orixe estranxeira á nosa Comunidade Autónoma, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está a incidir notablemente na evolución da diversidade na nosa poboación escolar, de xeito que proporcionar unha resposta educativa a este alumnado convértese nunha liña prioritaria de actuación.

Debido a este motivo, a ORDE do 20 de febreiro de 2004 concreta as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.

Considerando o alumnado cunha idade comprendida entre os 3 e os 16 anos que tras unha avaliación se identifique que ten alguna das seguintes necesidades:

Descoñecemento das dúas lenguas oficiais da Comunidade Autónoma, Galego e Castelán.

Desfasamento curricular de dous ou máis cursos.

Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debido a razóns sociais ou culturais.

B. ALUMNADO REPETIDOR

O alumnado repetirá curso con tres materias suspensas, ou con dúas se son simultaneamente unha das linguas ou matemáticas. Excepcionalmente poderá permitirse a promoción con estas características baixo determinadas condicións.

A repetición pódese aplicar nun mesmo curso unha soa vez e dúas veces en total como máximo na ESO. Excepcionalmente, pódese repetir 4ºESO dúas veces se non se repetiu previamente.

En canto aos estudos de bacharelato poderase repetir unha vez cada curso sen superar os catro anos de permanencia na etapa.

C. ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

O alumnado que promocione con materias suspensas debe recuperalas a través dun programa de reforzo e recuperación. Este programa inclúe clases polas tardes nas materias instrumentais básicas e a realización de tarefas e exame cun seguimento personalizado trimestral. O profesorado encargado das materias pendentes encargarase de establecer un plan de recuperación axeitado e coherente, así como a impartición das clases e o seguimento do alumnado.

D. ALUMNADO CON ATENCIÓN HOSPITALARIA OU DOMICILIARIA

Alumnado que deba permanecer convalecente no domicilio, por prescrición médica, por un peróodo de tempo superior a un mes. Igualmente, o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun periodo mínimo de seis meses.

Podemos diferenciar:

a) Longa hospitalización: máis de trinta días.

b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.

c) Curta hospitalización: menos de quince días.

O alumnado de longa e media hospitalización será o que reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

E. ALUMNADO CON ATRASO CURRICULAR XENERALIZADO

O alumnado pode ter un atraso curricular xeralizado debido a diferentes motivos; escolarización tardía, descoñecemento do idioma, necesidades específicas de apoio educativo, etc.

O alumnado cun desfasamento curricular de dos cursos ou máis, con respeto ao que lle correspondería por idade, poderá ser obxecto de medidas de atención á diversidade específicas, previa avaliación psicopedagóxica do departamento de orientación. Intentarase utilizar toda as medidas ordinarias posibles, dende modificacións metodolóxicas ata agrupamentos específicos, pero, de no ser posible compensar este desfasamento curricular, a medida que se levará a cabo será unha Adaptación curricular significativa, medida de atención á diversidade extraordinaria que modifica elementos

do currículo, incluidos os obxectivos da etapa e os criterios de avaliación, esta medida terá que ser aprobada pola inspección educativa.

F. ALUMNADO CON RISCO SUICIDA

O suicidio é unha síndrome pluricausal, en que interveñen factores sanitarios e psicosociolóxicos de moi diversa índole, incluindo crenzas, cultura e filosofía vital.

É conveniente coñecer e diferenciar entre:

- Condutas suicidas: todas aquelas condutas que se realizan con obxecto de levar a cabo dunha maneira consciente ou insconsciente unha acción suicida.
- Risco de suicidio: a posibilidade de que unha persona atente deliberadamente contra a súa vida.
- Ideación suicida: aqueles pensamentos intrusivos e repetitivos sobre a morte autoinfrinxida, sobre as formas desexadas de morrer e obxectos, circunstancias e condicións propostas para facelo, son pensamentos e plans para levar a cabo un acto suicida.
- Xesto suicida: dar a entender con actos, que acostuman ter algún simbolismo sobre unha acción suicida que se realizará.
- Ameaza suicida: dar a entender con palabras unha acción suicida que se realizará.

A adolescencia é un periodo do desenvolvemente de moito estrés cheo de cambios moi importantes: mudanzas no corpo, en ideas e nos sentimentos. O intenso estrés, confusión, medo e incerteza, así como a presión polo éxito e a capacidade de pensar acerca das cousas dende un novo punto de vista, inflúe nas capacidades do adolescente para resolver problemas e tomar decisións.

De maneira que algúns dos factores de risco que poden presentarse na adolescencia son:

- Trastorno mental ou drogodependencia
- Comportamentos impulsivos
- Acontecementos vitais estresantes non desexados ou perdas recentes
- Antecedentes familiares

- Violencia familiar
- Presenza de armas de fogo no fogar
- Encarceramento
- Violencia familiar
- Intento previo de suicidio
- Exposición a comportamentos suicidas doutras persoas.

G. ALUMNADO ABSENTISTA

Absentismo é a ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual.

O absentismo escolar é un problema ao que os centros educativos teñen que facer fronte dun xeito directo e permanente, e é motivo de preocupación, tanto para a comunidade educativa como para a sociedade en xeral, por incidir directamente no exercicio do dereito fundamental á educación.

O dereito e a obrigación de cursar a educación básica -educación primaria e educación secundaria obrigatoria- significa que, cando menos, todo o alumnado entre 6 e 16 anos debe estar escolarizado e, igualmente, asistir regularmente á clase.

O control da asistencia á clase é unha función do profesorado, e cada centro educativo debe articular a forma de promover a asistencia á clase e o procedemento para controlar esa asistencia.

H. ALUMNADO EN RÉXIME DE ACOLLEMENTO OU EN SITUACIÓN SOCIAL DESFAVORECIDA

Desenvolveranse accións de carácter compensatorio destinadas ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela, asegurando o seu acceso e permanencia no sistema educativo. Na súa atención, propiciarase a subscrición de convenios de colaboración e

protocolos de actuación con outras administracións ou entidades sen ánimo de lucro, co fin de garantir o cumprimento destas medidas.

A escolarización do alumnado sometido a medidas de protección e tutela realizarase de conformidade co procedemento establecido con carácter xeral, sendo considerado este alumnado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar desfavorables. Os centros docentes deben adoptar as medidas de atención á diversidade que procedan, para asegurar o seu proceso educativo.

Garantirase ao alumnado asignado a familias acolledoras unha praza escolar no centro educativo en que se escolarice outro alumnado dependente desas mesmas familias, fillas ou fillos ou outro alumnado acollido, sempre que no centro se impartan as ensinanzas que lle corresponde cursar.

Cando as medidas de protección e tutela supoñan un cambio de centro escolar, a súa tramitación e resolución levarase a cabo coa máxima inmediatez.

3. OBXECTIVOS

3.1 OBXECTIVOS XERAIS

- Conseguir axustar a atención educativa desde unha visión non restritiva da atención á diversidade.
- Definir con precisión as necesidades anuais.
- Definir medidas axustadas diferenciando claramente ordinarias e extraordinarias.
- Sistematizar o seguimento dos protocolos que foren precisos.

3.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Aceptar e valorar as diferenzas do alumnado como un feito de enriquecemento na comunidade educativa.
- Asegurar que todo o alumnado, sen distinción, acade, dentro das súas posibilidades, o grao máximo das súas capacidades, do seu desenvolvemento persoal, social e emocional, así como das competencias básicas e dos obxectivos educativos establecidos en xeral para a etapa da ESO.

- Deseñar, planificar e desenvolver medidas eficaces de tipo organizativo e curricular, que dean resposta as características e necesidades do alumnado.
- Fomentar a titoría e a orientación como instrumentos para a prevención, detección e atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE).
- Promover a creación e difusión entre o profesorado de materiais, bibliografía, estratexias educativas e metodolóxicas para a atención á diversidade do alumnado.
- Potenciar a coordinación das liñas de actuación do profesorado que interveña no proceso educativo de cada alumno/a.
- Establecer os mecanismos oportunos para garantir unha adecuada coordinación entre os diferentes profesionais implicados na atención á diversidade: titores/as, profesorado, familias e servizos externos ao centro.
- Valorar a importancia da convivencia e crear un ambiente de traballo e compañeirismo que axude a mellorar o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado.
- Crear un clima de cooperación entre o centro e as familias, para favorecer o desenvolvemento do alumnado.
- Crear o grupo de "alumnado axudante" e favorecer a súa formación continua para actuar como futuros mediadores en situacións de conflito entre o alumnado.

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

4.1. PROCEDEMENTOS PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

A. COMUNICACIÓN AO TITOR/A

O profesorado titor será o encargado, en colaboración co departamento de orientación de coordinar todas as medidas de atención á diversidade do alumnado do seu grupo clase. Serán actuacións do profesorado titor:

- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación baixo a coordinación da xefatura de estudos e a colaboración do departamento de orientación.
- Realizar a avaliación inicial do nivel de competencia curricular dos alumnos e alumnas en colaboración co resto de profesorado do grupo.
- Comunicar ao departamento de orientación os casos detectados de necesidades para informar as familias co fin de articular as medidas pedagóxicas necesarias.
- Colaborar na avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidade educativas, en particular na determinación da competencia curricular e sobre as características do contexto familiar e escolar.
- Asegurar a coordinación entre os distintos profesionais que inciden no grupo.
- Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo coa profesora especialista en pedagoxía terapéutica, de ser o caso, a orientadora e o resto de profesorado que interveñen directamente e adoptar a decisión que proceder acerca da súa promoción e titulación.
- Coordinar o reforzo educativo aos alumnos/as que presentan dificultades de aprendizaxe.
- Informar as familias dos alumnos/as con necesidades educativas ou dificultades de aprendizaxe sobre todo aquilo que lles afecta en relación coas actividades docentes e rendemento académico.

B. TRASLADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O traslado de información ao departamento de orientación poderá facerse verbalmente ou por escrito dependendo da demanda e das necesidades presentadas en cada momento.

C. RECOLLIDA E INCORPORACIÓN DA INFORMACIÓN PROPORCIONADA DA ETAPA ANTERIOR

Terase en conta os posibles cambios de etapa: Infantil-Primaria, Primaria-Secundaria, Secundaria-Bacharelato e/ou Ciclos Formativos.

D. COMUNICACIÓN DA INFORMACIÓN RELEVANTE AO PROFESORADO NA AVALIACIÓN INICIAL

O departamento de orientación informará das necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado de cada grupo nas sesións de avaliación inicial.

4.2. RELACIÓN DE PROGRAMAS DE IMPLEMENTACIÓN POTENCIAL E ORGANIZATIVAS PREVISTAS PARA TODO O CENTRO

A. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DO ALUMNADO

A acollida do alumnado de nova incorporación ao centro é moi importante tanto para o alumnado como para o centro, pois dalles a ambos unha visión do que poden esperar. No mes de febreiro, convócanse unhas xornadas de acollida, recibimos o alumnado que se incorporará o curso seguinte en 1º da ESO para ensinarlle o centro e falarlle sobre como funciona e as expectativas que se terán sobre eles así como os dereitos e responsabilidades sobre a súa educación e formación.

B. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DAS FAMILIAS

As familias do alumnado que se incorporará o seguinte curso en 1º da ESO tamén disporán dunhas xornadas de acollida para coñecer o centro educativo, saber como funciona e cales son as vías de comunicación para poder seguir o desenvolvemento dos seus fillos e fillas.

C. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DO PROFESORADO DE NOVA INCORPORACIÓN

A comezos de curso, en setembro, convócase unha reunión para a acollida do profesorado de nova incorporación, co obxectivo de darlles a benvida e explicarlles o funcionamento do centro así como resolver dúbidas e clarificar as canles de comunicación e servizos do centro.

Ademais cando un profesor ou profesora se incorpora co curso xa comenzado, o director e xefe de estudos reciben a persoa, explícanlle o funcionamento do centro e lévannos a tomar posesión a administración.

Ao rematar páctanse os horarios e intróducese a persoa no departamento a que pertence para que poida falar coa persoa e explicarlle o necesario para comezar a súa tarefa no centro educativo.

D. CONTRATOS-PROGRAMA

O centro desenvolve tres destes programas ConviveT e IgualaT e Inclúete.

Convive:

Dende o centro educativo tratarase de promover a conciliación ou mediación escolar, traballar na xestión de conflitos ou na mellora da intelixencia emocional. En definitiva, promover a sensibilización, implicación e compromiso do profesorado, do alumnado e de toda a comunidade educativa nos valores educativos, sociais e culturais que determinen un profundo interese pola mellora da convivencia e da cultura da paz.

O curso pasado elexiuse o alumnado de **2º curso de ESO** coa idea de formar ao alumnado en habilidades básicas de Convivencia e crear no curso 2019/2020 un grupo de alumnas e alumnos expertos en **Mediación Escolar**. Este curso impartirase unha formación en horario extraescolar para o alumnado voluntario que queira participar neste programa de axuda entre iguais.

IgualaT:

Dende o centro educativo desenvolveranse accións que interveñan no fomento da coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e tratamento da LGBTI fobia e outras medidas semellantes.

Para o desenvolvemento deste programa temos dúas liñas de actuación, por un lado a formación de alumnado axudante para 1º da ESO e, por outro lado a formación en competencias para a igualdade e prevención do acoso sexual en 3º da ESO.

Ademáis o centro conta cun equipo de igualdade que organiza actividades desta índole durante todo o curso académico.

IncluеT:

Desenvolveranse medidas que fomenten e melloren a inclusión no centro dirixidas: á atención á diversidade, á inclusión educativa do alumnado, á colaboración con asociacións que traballan na diversidade funcional, ao fomento de recreos igualitarios e inclusivos, ao desenvolvemento de dinámicas de traballo cooperativo e á creación de escolas de nais e pais, e outras medidas semellantes.

E. PFP RELACIONADOS COA CONVIVENCIA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dende o departamento de orientación faise a principio de curso unha avaliación de necesidades formativas do profesorado para telo en conta en posibles plans de formación durante o curso lectivo.

Ademais dende o departamento de orientación participamos en grupos de traballo para formarnos sobre temas que afectan o noso alumnado no centro e que poderiamos mellorar, ademais de aproveitar a oportunidade para o traballo en equipo e o desenvolvemento de programas conxuntos de traballo.

F. PROTOCOLO DE ABSENTISMO

É responsabilidade do profesorado contabilizar as faltas de asistencia do alumnado e notificar ao xefe de estudos en caso de que estas faltas non sexan xustificadas.

Informarase ás familias e no caso de que estas faltas superen o 10% do horario lectivo mensual e se ao informar as familias estas faltas seguen sen xustificar abrirase protocolo de absentismo segundo as indicacións da consellería.

G. PROTOCOLO TDAH

Ao comezo de curso farase unha avaliciación psicopedagóxica e informaranse as familias no caso de que se tomen medidas para axudar a este alumnado. O profesorado é informado das posibles adaptacións metodolóxicas a aplicar no caso de que for necesario e, dende o departamento de orientación daranse pautas de actuación na aula. De ser o caso as profesoras de pedagoxía terapéutica poderán traballar con este alumnado tanto dentro como fora da aula, a posibilidade de incorporar este alumnado en agrupamentos específicos tamén é destacable, así como a posibilidades de facelo exentos da segunda lingua estranxeira. Todo isto levarase a cabo ou non, segundo as necesidades do alumnado posto que poden non necesitar de medidas específicas.

H. PROTOCOLO TEA

Ao comezo de curso farase unha avaliciación psicopedagóxica e informaranse as familias no caso de que se tomen medidas para axudar este alumnado. O profesorado é informado das posibles adaptacións metodolóxicas a aplicar no caso de que for necesario e, dende o departamento de orientación daranse pautas de actuación na aula. As profesoras de pedagoxía terapéutica traballan con este alumnado tanto dentro como fóra da aula, a posibilidade de incorporar este alumnado en agrupamentos específicos

tamén é destacable, así como a exención da segunda lingua estranxeira. Ademais, en ocasións este alumnado pode precisar de adaptacións curriculares significativas de que se fai un seguimento trimestral.

I. PROCEDEMENTO CO ALUMNADO EN ATENCIÓN DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA

No momento en que un alumno ou alumna deixa de acudir ao centro escolar por motivos de saúde, o departamento de orientación e os titores/as encárganse da comunicación coa familia para coñecer o problema. O departamento de orientación informará a familia da posibilidade de solicitar atención domiciliaria ou hospitalaria, así como do proceso de solicitude, que comeza cunha solicitude por escrito das familias.

O departamento de orientación encargarase de recompilar a información pertinente para presentala á xefatura territorial. Cando xefatura territorial concede esta atención, envian un profesor ou profesora ao centro para coordinarse co departamento de orientación ou titor ou titora.

O departamento de orientación fará un seguemento deste alumnado e o profesorado do centro será o encargado de proporcionar material e avaliar o alumno ou alumna. Mensualmente o profesorado de atención domiciliaria ou hospitalaria informará o centro dos avances co alumno/a.

J. PROCEDEMENTO DE INCLUSIÓN DO ALUMANDO DE INCORPORACIÓN TARDÍA

O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo español pode ter desfasamento curricular e/ou descoñecemento de unha ou das dúas linguas oficiais.

Partindo da avaliación inicial deste alumnado, ofrecerase a resposta educativa máis axeitada que pode ir dende a incorporación un curso por debaixo do que corresponde por idade, así como da asistencia a clases de reforzo de lingua galega e lingua castelá en horario extraescolar.

K. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES

O alumnado con materias pendentes deberá recuperalas. O profesorado encargado das pendentes de cada materia será o encargado de elaborar un plan de recuperación individualizado de como este alumno ou alumna vai recuperar a materia pendente.

No caso das materias intrumentais, linguas catelá e galega, inglés e matemáticas, o alumnado deberá asistir polas tardes a clases específicas, unha hora á semana para cada disciplina, para facilitar o seguimento e a recuperación destas materias.

No resto de materias cade profesor ou profesora, co seu departamento, establecen as tarefas que deben realizar e informan o alumnado.

L. PLAN DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO REPETIDOR

É responsabilidade do profesorado encargado das materias pendentes realizar o seguimento deste alumnado, para iso as datas de entregas e exames son fundamentais, así como a asistencia ás clases pola tarde nas materias instrumentais.

En ocasións, o departamento de orientación fai un seguimento individualizado dalgún alumno ou alumna que así o precisar ou que estiver a ter dificultades para sacar adiante as materias pendentes.

M. PROTOCOLO IDENTIDADE DE XÉNERO

"Toda persoa é clasificada no momento do nacemento como home ou muller o cal, nas persoas transexuais, xera un conflito ao estar clasificadas dentro dun sexo que non perciben como propio.

É importante destacar que a condición de persoa transexual non é deliberada ou caprichosa. Tampouco é un trastorno mental nin do comportamento. É unha condición con que se nace, que pode manifestarse a partir dos dous anos e medio, pola que o sexo sentido ou psicolóxico, que é o que realmente determina a identidade, non coincide co fisiolóxico ou aparente."

Protocolo Identidade de Xénero. Xunta de Galicia 2016

N. PROGRAMA DE INTERVENCIÓN POLA DIVERSIDADE AFECTIVO SEXUAL. TITORÍA LGTBQA

O Programa de Atención á Diversidade Sexual, de Identidade de Xénero e Familiar desenvólvese con dous proxectos encamiñados á mellora da convivencia, nunha

estratexia preventiva e disuasoria de condutas discriminatorias, de violencia e acoso escolar por LGBTfobia: o Grupo de Apoio ao Alumnado LGBTIQA+ “Apóiate” e a Titoría LGBTIQA+.

O Grupo de Apoio ao Alumnado LGBTIQA+ “Apóiate” é un grupo de alumnado implicado no desenvolvemento de competencias cognitivas e emocionais en grupo, de forma cooperativa, sobre un modelo positivo de sensibilización e empatía, acadando así o apoderamento do alumnado, en xeral, e o alumnado LGBTIQA+, en particular.

Trabállase cun modelo de Titoría entre Iguais ofrecendo apoio, acompañamento, resolución de conflitos e seguridade ao alumnado LGBTIQA+ e así fomentar a inclusión e mellorar o clima de convivencia, liberdade e respecto no centro.

A Titoría LGBTIQA+ realiza un labor de guía, asesoramento, axuda, resolución de problemas, acompañamento e asistencia no desenvolvemento persoal, afectivo, social, etc. do alumnado, empregando a "pedagoxía do acompañamento". Esta función desenvólvese en colaboración co Departamento de Orientación, especialmente nas accións de activación do Protocolo de Identidade de Xénero.

Ademais, como Responsable de Diversidade Sexual, Identidade de Xénero e Familiar do centro coordina o Grupo de Apoio ao Alumnado LGBTIQA+, organiza as diversas actividades de visibilización, sensibilización e formación coa finalidade de previr a homofobia e transfobia, coa participación do alumnado e profesorado, procura a colaboración coas familias e forma parte da Comisión de Convivencia do Consello Escolar.

5. MEDIDAS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS

5.1. MEDIDAS ORDINARIAS

A. ELABORACIÓN DOS GRUPOS

Os agrupamentos, a confección de grupos e horarios estableceranse de acordo cos principios: normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia.

No ultimo claustro do curso serán concretados e aprobados os criterios pedagóxicos para a elaboración de horarios do alumnado así como a comunicación do número de grupos de cada materia.

No que respecta aos espazos, priorizaranse as seguintes actuacións:

- Creación de ambientes acolledores, estimulantes, cómodos e personalizados.
- Organización flexible da aula.
- Facilitación do acceso do alumnado aos diferentes espazos e instalacións: laboratorios, departamentos didácticos, departamento de orientación, biblioteca do centro, ximnasio, etc.

B. DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS

É unha medida organizativa de atención á diversidade que permite desdobrar un grupo moi numeroso para prestar unha atención máis individualizada ao alumnado.

Preferentemente realizarase nos grupos onde o número total de alumnado por grupo supere os 25 alumnos/as e o centro conte cos recursos necesarios. Priorizaranse, de ser necesario, nas materias de linguas e matemáticas e nos primeiros cursos da ESO.

Nas materias de tecnoloxía, inglés e segunda lingua estranxeira (francés).

C. EXENCIÓNS DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

Protocolo de actuación:

1. Proposta do equipo de profesores/as do curso anterior.

2. Conformidade por escrito do alumno/a e os seus pais/nais ou titores legais.

3. Informe da persoa titora do curso ou etapa anterior que explicitará o motivo da medida.

4. No caso de alumnado de nova incorporación ao centro: revisión da medida na xunta de avaliación inicial.

5. Autorización da dirección do centro.

D. APLICACIÓN DE REFORZO EDUCATIVO

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta aos elementos NON prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contido, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e alumnas e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

Vai dirixido ao alumnado que coa modificación metodolóxica, da secuenciación de contidos e/ou dos instrumentos de avaliación, poden seguir o proceso de aprendizaxe da aula ordinaria.
Serán elaboradas polo profesorado que imparte a área ou materia en que o alumno/a precisa reforzo, co coñecemento da persoa titora quen o comunicará á familia do alumno/a.
Desenvolverase no contexto escolar ordinario e polo profesor/a que imparte a áera ou materia, coa colaboración doutros profesionais.

E. APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículum, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

As medidas de reforzo educativo non suporán necesariamente medidas extraordinarias, nin necesitarán de autorización para ser levadas a cabo, e realizaranse segundo se establece a continuación:

1. Estarán dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que coa modificación de elementos non prescritivos do currículum poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

2. Serán elaboradas polo profesor ou profesora que imparte a área ou materia en que o alumno necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor ou titora. Este comunicarao ao equipo directivo e á familia do alumno ou alumna.

3. O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor ou profesora do alumno que imparte a área ou materia, coa

colaboración, se for o caso, doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír, en ningún caso, a actuación habitual do profesor.

Na área de educación física cando existan problemas que limiten a práctica motriz, e segundo o contemplado nas programacións de área, será necesario presentar un certificado médico oficial para poder realizar as medidas de reforzo educativo oportunas.

As medidas de reforzo educativo reflectiranse no expediente académico do alumno/a como reforzo educativo. Faranse constar cun comentario no informe correspondente ás familias e non terán constancia no libro de escolaridade.

A constancia do reforzo educativo e a valoración da súa utilidade para o alumno obxecto de medidas de reforzo serán un requisito previo para a participación deste nun programa de diversificación curricular na Educación Secundaria Obrigatoria.

Con respecto ao apoio ao alumnado con necesidades educativas, cando houber profesorado con dispoñibilidade horaria este poderá realizar tarefas de apoio ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.

F. PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR

Optarase por medidas de enriquecemento horizontal, onde prevaleza a profundidade e interdisciplinariedade do coñecemento, priorizando unha metodoloxía participativa que mellore a competencia social do alumnado e favoreza a axuda entre iguais.

Como todas as medidas de adaptación curricular, deben ser establecidas como un contínuum que vai desde as medidas máis xerais nos documentos do centro, pasando polas adaptacións da aula (na metodoloxía, nos materiais, nos agrupamentos, etc.) ata chegar á adaptación curricular individualizada. Estas medidas baséanse na individualización da ensinanza e consisten en deseñar programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que estes se manteñen co seu grupo clase. Teñen a vantaxe evidente de non producir consecuencias negativas na súa socialización.

En ocasións, o enriquecemento tense entendido como a elaboración de programas paralelos aos ordinarios, que se aplicaban de xeito simultáneo a eles e que non tiñan

conexión coas actividades que realizaba o resto da clase. A día de hoxe recoméndase optar por axustes no programa ordinario, é dicir, por adaptacións do currículo que se acomoden ás súas necesidades concretas de aprendizaxe e desenvolvemento e que serán tanto máis significativas canto maiores foren esas necesidades educativas.

Na regulación específica establecida na nosa normativa, a elaboración das adaptacións curriculares individuais de alumnado con sobredotación, o máis frecuente é o uso de dous tipos de estratexias:

1. As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical: consisten en aumentar a cantidade de contidos por aprender nunha ou varias áreas.

2. A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

G. PROGRAMAS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS

Nos niveis educativos de 1º e 2º ESO desenvólvense programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas. As materias en que se realiza este reforzo son: Lingua Galega e Literatura, Lingua castelá e Literatura e Matemáticas .

Estes programas teñen atribución horaria, xa que se desenvolverán na hora de 2ª lingua estranxeira , o alumnado beneficiario quedará exento de cursar esta materia.

CRITERIOS:

- Alumnado con dificultades de aprendizaxe e necesidades educativas especiais.
- Que acceda a 1º ESO por promoción obrigada.
- Que repita 1º ESO.
- Que promocione a 2º sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais.
- Aquel que repita 2º ESO.
- Alumnado con ACI nas áreas de lingua.

Currículo e criterios de avaliación :

Os programas de reforzo estarán baseados nos mínimos esixibles nas áreas en que se realizan para o curso que correspondan, e suporán a atención personalizada para lograr o grao de dominio suficiente expresado en ditos mínimos.
A súa distribución horaria é de dúas sesións semanais, unha dedicada a Lingua Castelá e Lingua Galega e outra a Matemáticas .

Os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas (lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e matemáticas) estarán baseados nos mínimos exisibles das áreas para o curso que corresponda, e suporán a atención personalizada para lograr o grao de dominio suficiente expresado nos ditos mínimos.

Están dirixidos a alumnado de 1º curso que accedese á ESO por imperativo legal, aquel que repita 1º curso, aquel que promocionase a 2º sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais, ou aquel que repita 2º curso.

O alumnado que curse os programas de reforzo de áreas instrumentais básicas quedará exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira.

A impartición das linguas galega e castelá corresponderalle preferentemente ao profesorado dos departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés e Francés; a impartición da área de Matemáticas correponderalle preferentemente aos departamentos de Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Tecnoloxía.

H. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN E SEGUIMENTO DE MATERIAS PENDENTES

É preciso sinalar tamén que como unha forma específica de reforzo lévanse a cabo:

- En varias materias, hora semanal para recuperación de pendentes.
- En varias materias, hora semanal para reforzo.

No suposto de alumnado que promocione a 2º curso coas áreas instrumentais superadas e con outras materias suspensas, cando o departamento correspondente contar con profesorado que non teña o seu horario lectivo completo, poderase establecer un programa para a recuperación das aprendizaxes das ditas materias.

As ensinanzas do programa de recuperación de materias pendentes estarán baseadas nos mínimos esixibles do curso correspondente e a súa avaliación corresponderá ao profesorado que imparte dito programa.

O alumnado que curse os programas de recuperación poderá quedar exento de cursar a materia de lingua estranxeira.

I. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS

Programas que forman parte do Plan de Acción Titorial e que teñen a vertente máis personalizada a través de sesión individuais, onde se tratan aspectos de Educación Emocional e Habilidades Sociais de xeito individual.

O alumnado repetidor de 1º ou 2º curso seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado titor do curso anterior no informe de avaliación final e considerando a información obtida no proceso de avaliación inicial.

Este programa será elaborado polo departamento da área ou materia correspondente e deberá incluír actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente.

Os programas específicos personalizados deberán contemplar, ademais, a posible incorporación do alumnado a un programa de reforzo de áreas instrumentais básicas ou de recuperación doutras áreas. Cando un alumno ou alumna asista a un programa de reforzo nunha área determinada poderá quedar eximido da realización do programa específico personalizado na dita área.

O alumnado repetidor de 3º ou 4º seguirá un programa específico personalizado nas mesmas condicións que o alumnado de 1º e 2º curso, agás a súa incorporación aos programas de reforzo ou recuperación.

Corresponderá ao profesorado que imparta cada área ou materia facer o seguimento de cada alumno ou alumna na realización das tarefas propostas polo departamento correspondente, e comunicalo ao profesorado titor que deberá facelo chegar ás familias para o seu coñecemento e colaboración.

J. PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS E MELLORA DA CONVIVENCIA

Recóllese na Circular 8/2009 pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade .

– *Programa de Adestramento en Habilidades Sociais (PEHS) adaptado por niveis dende 1º a 4º de ESO* : incorporarase ao Plan de acción titorial e Plan de Convivencia. A finalidade é que o alumnado incorpore estratexias para comunicarse e afrontar axeitadamente estratexias de resolución pacífica de conflitos a través do diálogo, a expresión de emocións e sentimentos, o debate, o role playing ou dramatización, etc. Todo iso para adquirir un repertorio de condutas favorables á convivencia pacífica.

– *O curso 2018/2019 alumnado de 2º curso de ESO recibiu formación en habilidades sociais e resolución de conflictos .*

– *O curso 2019/2020 alumnado de 1º curso de ESO recibiu formación específica como alumnado axudante na resolución de conflitos e cultura da paz.*

– *O curso 2020/2021 alumnado de 2º curso de ESO constitúese como grupo de alumnado axudante co nome "IEShelper" coa finalidade de axudar alumnado que teña algunha dificultade na convivencia.*

– As aulas de atención educativa e convivencia son aquelas establecidas para atender o alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase. Nelas, este alumnado, baixo a responsabilidade do profesorado de garda na dita aula, realizará tarefas específicas correpondentes ás aprendizaxes básicas do curso de que proceder.

– Ningún alumno ou alumna poderá ser derivado a unha aula de atención educativa e convivencia sen actividades ou tarefas para realizar durante a súa permanencia nela.

– Corresponde ao profesorado que remita o alumnado a esta aula, establecer as tarefas que cada alumno ou alumna deberá realizar, corrixilas e avalialas.

– Os pais, nais, ou titores legais deberán ser informados pola xefatura de estudos, cada vez que os seus fillos ou fillas asistan á referida aula, indicándolles a incidencia que o motivou.

– Para atender esta aula a xefatura de estudos establecerá gardas específicas en que considerará todo o profesorado do centro.

5.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Son aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) que poden requerir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, se for o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación destas medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceder, e, se for o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

A. ADAPTACIÓNS CURRICULARES

Determinadas pola **Orde do 6 de outubro de 1995**, polas que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

QUE SON?

Art. 5º. Definición.

Adaptacións Curriculares son as modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículum, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

O referente de toda adaptación serán os obxectivos xerais de etapa.

Os obxectivos poderán pertencer a outro ciclo ou etapa distinto do que curse o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Decidiráse a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno/a determinado, unha vez esgotadas outras medidas de atención á diversidade.

A elaboración e o desenvolvemento da adaptación curricular, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario.

Consisten na modificación, redución ou supresión de obxectivos, contidos e criterios de avaliación do currículo correspondente ao nivel ou curso en que a alumna ou alumno

estiver matriculado, coa finalidade de atender, axeitadamente, o alumnado con necesidades educativas especiais e contribuir ao logro das competencias básicas na medida das súas posibilidades.

Nunha ACI cómpre diferenciar:

Currículo de referencia: Aquel que corresponde ao nivel ou curso en que a alumna ou alumno estiver matriculado.

Currículo adaptado: O que se recolle na súa adaptación curricular. O que conecta coa liña de base da alumna ou alumno, o que se vai traballar.

PROCEDEMENTO

Art, 7º Proceso de elaboración.

- **Avaliación Psicopedagóxica** (Regulada pola Orde do 31 de Outubro de 1996). Competencia da xefa/e do departamento de orientación.
- **A decisión** tómase en reunión conxunta do xefe/a de estudos, titor/a, equipo docente e profesionais que participen na atención ao alumno/a. O obxectivo desta reunión será valorar a pertinencia da AC, en función da avaliación inicial ou contínua. Tamén se deben decidir os elementos do currríciulo a modificar e as materias en que se fai.
- **A acta de reunión** deberáse acompañar como anexo a AC.
- **As familias non teñen poder decisorio**, aínda que deben ser escoitadas e informadas do proceso, e colaborar no seu desenvolvemento. Se non estiveren de acordó, poden reclamar ante a dirección do centro.
- **Autoriza a inspección educativa.**

Duración

Na ESO terá unha duración dun curso.

AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

Decreto 133/2007, do 5 de Xullo, polo que se regulan as ensinanas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Art.14º- Alumnado con necesidades educativas especiais.

Na educación secundaria obrigatoria poderanse realizar adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo, dirixidas a este alumnado con necesidades educativas especiais.

Estas adaptacións curriculares, que estarán precedidas dunha avaliación das necesidades educativas especiais do alumnado e a conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades da alumna ou alumno, **a avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións.**

TITULACIÓN

Criterios xerais da etapa educativa correspondente.

Entendense por adaptacións curriculares as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículum, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

Os referentes de toda adaptación curricular serán os obxectivos xerais de etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada ciclo ou, no caso do 2º ciclo da educación secundaria obrigatoria, para cada curso.

Os obxectivos poderán pertencer, se for o caso, a outro ciclo ou etapa distinto do que curse o alumno obxecto de adaptación curricular.

Decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno/a determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

A elaboración e o desenvolvemento da adaptación curricular, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario.

Condicións:

As adaptacións curriculares precisarán a autorización da inspección educativa correspondente. As condicións de realización serán as seguintes:

1. Serán elementos do currículum susceptibles de modificación os obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados; se for o caso; os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.

2. Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír cualidades excepcionais, non poden seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículum de referencia.

3. O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ao alumno/a, coa colaboración do seminario ou departamento didáctico, co asesoramento do responsable da orientación educativa do centro, se existir, ou do equipo psicopedagóxico de apoio de sector e, se for o caso, de calquera outro profesional que participe na atención ao devandito alumno/a.

4. Terán unha duración mínima dun ciclo educativo, agás no 2º ciclo da educación secundaria obrigatoria en que poderán desenvolverse só nun curso.

5. O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos/as de referencia.

B. AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS

No Decreto 229/2011, de atención á diversidade, os Agrupamentos Específicos son considerados como medidas extraordinarias de atención á diversidade.

APLICACIÓN

- Ao ser considerada unha medida extraordinaria precisa da autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceder, e, se for o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.
- Ao ser considerada unha medida extraordinaria aplícarase unha vez esgotadas outras medidas consideradas ordinarias.

DIRIXIDO

- A alumnado de ESO nas materias de lingua galega, lingua castelá e matemáticas.

CONDICIÓNS:

Seguindo os criterios anteriores o alumnado que se incorpore a estes agrupamentos debería preferentemente:

- Ter dificultades para acadar os obxectivos e competencias básicas das áreas sinaladas.
- Ter algunha destas materias pendentes do nivel anteriormente cursado ou da etapa anterior (6º de Educación Primaria)
- Ser repetidor do nivel 1º ou 2º de ESO e non superar alguna destas materias ao cursar por 1ª vez o nivel que repite e que esta medida se considere axeitada.
- Avaliación Inicial do profesorado das áreas, en colaboración co departamento de orientación, da competencia matemática e lingüística do alumnado que cursa 1º ESO.
- Considerarase, na selección do alumnado, o seu previsible aproveitamento desta medida de atención á diversidade.

PROCEDEMENTO

A persoa titora do grupo, en nome do equipo docente, terá que facer a proposta de incorporación do alumnado nesta medida de atención á diversidade.

Farase nas reunións das sesión de avaliación, especialmente na avaliación inicial, primeira avaliación, avaliación final de xuño e avaliación extraordinaria de setembro. Remitirase a proposta á inspección educativa.

Para o alumnado de nova incorporación terase en conta o Informe de Fin de Etapa de Educación Primaria.

Alumnado: Máximo 10 alumnos/as en total.

Convén, en determinados casos, establecer agrupamentos específicos transitorios para apoiar o alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe naquelas áreas curriculares que, ben por teren carácter instrumental como é o caso das linguas e as matemáticas, ben polo seu peso conceptual, reclaman unha atención máis individualizada.

Con esta medida preténdese, ademais, incidir na motivación e na mellora da autoestima deste alumnado que dificilmente pode seguir o ritmo de aprendizaxe da aula ordinaria con simples medidas de reforzo educativo.

Consisten en facer desdobramentos transitorios que permitan nestas áreas constituír un grupo específico co alumnado de distintos grupos do mesmo nivel. En ningún momento supoñen a ampliación de liñas de centro.

O alumnado poderá permanecer no agrupamento o 100% do horario semanal que lle corresponder a estas áreas. En todo caso, o alumnado pertence a todos os efectos a un grupo ordinario de referencia, polo que os agrupamentos específicos resultantes non deben superar o 40% do horario común do grupo.

C. APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU EN AUDICIÓN E LINGUAXE

Está dirixida a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo .

Desenvolverase a intervención nas materias denominadas instrumentais: linguas galega e castelá e matemáticas, por ser fundamental o dominio da lectura e escritura e o cálculo numérico para avanzar nas outras materias .

Determinarase en función das características do alumnado e da conveniencia ou non de que o mesmo reciba outras medidas de atención á diversidade.

O apoio do especialista de Pedagoxía Terapéutica poderá darse dentro da aula ordinaria ou ben fóra, na aula de atención á diversidade.

Criterios de prioridade para que o alumnado reciba apoio na aula de "de Atención á Diversidade

1º- Que o alumno ou alumna estea proposto ou desenvolva un programa de Adaptación Curricular Individual. (ACI).

2º- Que o alumnado estea escolarizado en 1º e 2º ESO.

3º- Que o alumno ou alumna amose dificultades específicas de aprendizaxe e teña necesidades educativas especiais.

* En todo caso a organización dos horarios da aula de atención á diversidade, como do resto de medidas de atención á diversidade, rexerase polos principios lexislativos de **normalización e inclusión**. No caso de o alumnado asistente a aula de Pedagoxía

Terapéutica non ter unha Adaptación curricular individual deberá considerarse que o tempo de permanencia na mesma non vulnere estes principios.
O profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais, profesorado especialista en pedagoxía terapéutica e en audición e linguaxe exercerán as súas funcións na ESO, desenvolvendo as seguintes funcións:

- Participando na avaliación inicial do alumnado que acceda a ESO e, cando cumprir, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con n.e.e.
- Colaboración na elaboración, seguimento e avaliación das ACI, así como das medidas de reforzo, se for o caso, daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Prestándolle atención docente directa ao alumnado con n.e.e., atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado. A cualificación na materia do alumnado será responsabilidade do profesorado da área.

As intervencións específicas que foren precisas por parte do profesorado de pedagoxía terapéutica serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, en colaboración co profesorado da materia obxecto de apoio e do titor ou titora do grupo a que pertence o/a alumno/a. A coordinación desas actuacións corresponde á xefatura de estudos do centro e a súa autorización á dirección do centro.

D. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN

Descrición xeral

Neste concepto inclúese:

- A permanencia durante un curso máis. Criterios en cada Etapa.
- A escolarización do alumnado estranxeiro que se incorpore tardiamente ao sistema educativo nun curso por debaixo do que lles corresponde por idade, se existir descoñecemento das linguas e un desfasamento curricular de dous cursos.
- Reducir un curso, para alumnado de altas capacidades intelectuais que xa teñan adquirido os obxectivos do curso anterior. Pode implicar que o alumnado curse materias do curso seguente ou que se escolarice nun grupo dun curso superior ao que lle corresponda por idade.

A permanencia durante un curso máis (repetición)

Criterios da ESO:

- Como norma xeral unha vez cada curso e dúas veces como máximo na Etapa.
- Se non repetiu en toda a ESO, poderase repetir 4º curso dúas veces.
- Como medida extraordinaria, o alumnado con necesidades educativas especiais poderá prolongar a súa escolarización ata os 19 anos.
- A repetición en todos os casos debe ir acompañada dun plan de recuperación das aprendizaxes non adquiridas.

A escolarización en educación secundaria obrigatoria poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado, respectivamente. En ningún caso se poderá permanecer en educación secundaria obrigatoria máis alá do ano natural en que se fixeren os dezanove anos, agás en unidades ou centros de educación especial, que se poderá prolongar ata o ano natural en que se fixeren os vinte e un de idade.

A escolarización do alumnado a tempo completo nunha unidade de educación especial poderá prolongarse un cuarto ano en educación secundaria obrigatoria, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación e respectando o límite de 21 anos feitos no ano natural en que remata o curso escolar.

Medidas de aceleración para alumnado con sobredotación intelectual

Supoñen unha flexibilización do período de escolarización. Esta medida excepcional baséase fundamentalmente na competencia curricular e poderase adoptar cando se considerar que os obxectivos acadados pola alumna ou alumno superan os establecidos, pero tendo en conta tamén se é unha medida axeitada con respecto ás restantes facetas do seu desenvolvemento persoal. É unha medida que aparece recollida na lexislación galega con dúas posibilidades:

1. Por un lado, anticipar o inicio das etapas educativas.
2. Por outro, reducir a duración da escolaridade obrigatoria.

Esta resposta educativa só é aconsellable se, tras a aplicación doutras medidas de atención menos excepcionais, o alumno ou alumna contar coa axeitada madurez

emocional e social, xa que do contrario pode aumentar a disonancia entre estes dous aspectos.

As medidas de aceleración deben ir acompañadas doutras de atención á diversidade para non se traducir nun mero adianto de curso. Precisan obrigatoriamente dunha avaliación psicopedagóxica realizada polos correspondentes especialistas para que se materialice a flexibilización, xunto co correspondente ditame de escolarización.

Ámbito e flexibilización modular de ciclos formativos.

De acordo co artigo 61 do ***Decreto 114/2010***, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da ***Lei orgánica 2/2006***, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustificaren, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

E. PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (PMAR)

Que son?

Teñen por finalidade facilitar que os alumnos e as alumnas, mediante unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, alcancen as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Quen pode acceder?

Ter dificultades relevantes de aprendizaxe, ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade, sen que estas resultasen suficientes para a recuperación das dificultades de aprendizaxe detectadas, existir expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poderán cursar o cuarto curso pola vía ordinaria.

Alumnado que teña cursado por primeira vez o primeiro curso da ESO, tendo repetido en primaria, ou que cursou por segunda vez o primeiro curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao segundo curso da ESO, poderá incorporarse ao programa

de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo dos cursos segundo e terceiro.

Alumnado que teña cursado por primeira vez o segundo curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria e/ou en primeiro curso da ESO, poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso. Alumnado que teña cursado por segunda vez o segundo curso da ESO, e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.

Con carácter excepcional, alumnado que cursase por primeira vez o terceiro curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao cuarto curso da ESO, sen ter repetido ou tendo repetido unha vez na etapa, poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.

PROCEDEMENTO PARA A INCORPORACIÓN DUN ALUMNO OU ALUMNA AO PROGRAMA DE MELLORA DE APRENDIZAXE E RENDEMETO (PMAR)

1. Realizada a avaliación extraordinaria, o equipo docente realizará unha proposta razoada do alumnado que se podería incorporar ao programa para a mellora da aprendizaxe e do rendemento. Esa proposta concretarase nun **informe individualizado**, elaborado pola persoa titora, en que constará a competencia curricular do alumno ou da alumna en cada materia, as dificultades de aprendizaxe presentadas, as medidas de atención á diversidade aplicadas e os motivos polos cales o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna se integre nun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. Ese informe trasladarase á xefatura do Departamento de Orientación.

2. A persoa que exerza a xefatura do Departamento de Orientación realizará unha **avaliación psicopedagóxica** a cada un dos alumnos e das alumnas propostos/as polo equipo docente para incorporar ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. No informe correspondente a esa avaliación deben constar, entre outros aspectos, as conclusións das reunións co profesorado titor e, se se trata de alumnado menor de idade, cos pais, as nais ou titores/as legais de cada alumno e alumna, para lles formular a conveniencia da súa incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe

e do rendemento. Deixarase **constancia escrita da opinión dos pais, nais ou titores/as legais respecto da proposta formulada.**

3. Posteriormente, unha **comisión formada** polo/a xefe/a de estudos, que exerce a súa presidencia, a persoa que exerza a xefatura do Departamento de Orientación e o/a titor/a do alumno ou da alumna valorará os informes emitidos e a opinión, se for o caso, do pai, a nai ou os/as titores/as legais, realizando unha proposta ao/á director/a sobre a incorporación ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.

4. Compete ao **director ou á directora do centro** docente elevar a proposta de autorización sobre a incorporación do alumnado ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento ao servizo provincial de Inspección Educativa. Á solicitude achegaráselle a relación de alumnado proposto e a relación de profesorado que vai impartir cada un dos ámbitos do programa.

5. O **servizo provincial da Inspección Educativa** emitirá a autorización expresa para o desenvolvemento dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento

6. Para a impartición dos ámbitos destes programas conformaranse grupos que non superarán o número de dez alumnos/as e non serán, con carácter xeral, menos de cinco.

7. O alumnado que acceda a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento con **materias pendentes** de cursos anteriores realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa, e a avaliación será competencia do profesorado que o imparta, coa colaboración dos departamentos implicados.

8. O alumnado que curse o programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento **promocionará** ao cuarto curso se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa. Non obstante, poderá promocionar o alumnado que, tendo superados os ámbitos lingüístico e social e científico e matemático, teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, e de maneira excepcional en tres, sempre que o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa. Para estes efectos, o ámbito de linguas estranxeiras terá a consideración dunha materia.

9. **O alumnado poderá permanecer un ano máis no segundo curso do programa**, sempre que o equipo docente considere esta medida como a máis adecuada para cursar cuarto curso da educación secundaria obrigatoria pola vía ordinaria, e obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, o alumnado que promocione a cuarto curso con materias ou co ámbito de linguas estranxeiras do programa pendentes, deberá seguir un programa de reforzo adaptado ás súas características e necesidades.

Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento é unha **medida extraordinaria de atención á diversidade** e ten por finalidade facilitar que os alumnos/as alcancen as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria

Estrutura dos programas.

1. O currículo dos programas de mellora da aprendizaxe deberá incluír na súa estrutura os seguintes ámbitos:

a) **Un ámbito específico de carácter lingüístico-social**, que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente ás materias de ciencias sociais, xeografía e historia, lingua galega e literatura e lingua castelá e literatura. A selección destes elementos formativos realizarase tendo en conta o seu carácter nuclear, a súa relevancia social e cultural, a súa funcionalidade e a súa capacidade para facilitar o desenvolvemento das competencias básicas e a consecución dos obxectivos xerais.

b) **Un ámbito científico-matemático**, que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente ás materias de matemáticas orientadas as ensinanzas aplicadas , bioloxía e xeoloxía e física e química. A selección destes elementos formativos realizarase tendo en conta o seu carácter nuclear, a súa relevancia social e cultural, a súa funcionalidade e a súa capacidade para facilitar o desenvolvemento das competencias básicas e a consecución dos obxetivos.

c) **Ámbito de linguas estranxeiras**, que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente á materia de Primeira Lingua Estranxeira.

Distribución horaria semanal dos programas.

O horario semanal dos tres ámbitos de coñecemento que compoñen o programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento será dun total de **20 horas semanais**, distribuídas como segue:

a) Ámbito lingüístico e social: **9 horas**.
b) Ámbito científico e matemático: **8 horas**.
c) Ámbito de linguas estranxeiras: **3 horas**.

Cada ámbito específico será impartido por un único profesor ou profesora pertencente a un dos departamentos didácticos a que corresponda a atribución docente das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro.

O alumnado deberá encontrarse nalgunhas das seguintes situacións:

- Ter **repetido cando menos un curso en calquera etapa** (Infantil, Primaria ou Secundaria).
- Ter **cursado 1º curso de ESO** e non estar en condicións de promocionar ao 2º curso (neste caso o alumno incorporarase a un programa de 2 anos)
- Ter **cursado 2º curso de ESO** e non estar en condicións de promocionar ao 3º curso (neste caso o alumno incorporarase a un programa dun ano ou de dous anos).
- Aqueles alumnos que, **cursando 3º ESO**, non estean en condicións de promocionar ao 4º curso, poderán incorporarse excepcionalmente a un Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento para repetir 3º curso.

F. FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

A finalidade da FPB é facilitar a permanencia do alumnado no sistema educativo e ofrecerlles maiores posibilidades para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Ademais de alcanzar e desenvolver as competencias da aprendizaxe permanente ao longo da vida para proseguir estudos de ensinanza secundaria postobrigatoria ou facilitar a súa transición cara á vida activa.

Poderá cursar programas de formación profesional básica, con carácter xeral, o alumnado que teña entre quince e dezasete anos feitos dentro do ano do inicio do programa.

Requisitos:

a) Ter quince anos, ou facelos durante o ano natural en curso, e non superar os dezasete no momento do acceso nin durante o ano natural en curso.
b) Ter cursado o primeiro ciclo de educación secundario obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso de educación secundaria obrigatoria.
c) Ser proposto/a polo equipo docente á nai, pai ou titores legais para a incorporación dun ciclo de formación profesional básica.

Procedemento:

a) O equipo docente dos grupos da educación secundaria obrigatoria con alumnado que poida ser proposto para realizar ciclos formativos de formación profesional básica, xunto co xefe ou a xefa do Departamento de Orientación, realizarán unha reunión onde se analice a situación escolar do alumnado en risco de non alcanzar o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Nesta reunión establecerase unha relación de alumnado susceptible de se incorporar ás ensinanzas de formación profesional básica, que será asinada por todo o equipo docente e o xefe ou a xefa do departamento de orientación. Con carácter xeral, esta reunión coincidirá coa sesión de avaliación final ordinaria do mes de xuño ou, se for o caso, coa sesión de avaliación das probas extraordinarias do mes de setembro.
b) Posteriormente, o titor ou a titora elaborarán para cada alumno ou alumna o consello orientador, coa axuda do xefe ou a xefa do departamento de orientación.
c) O Departamento de Orientación colaborará coa dirección do centro para informar o alumnado e as familias do alumnado proposto acerca das características xerais e das finalidades dos ciclos formativos da formación profesional básica.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, no caso de existir maior número delas que de postos escolares dispoñibles, asignaranse as prazas conforme os seguintes criterios de prioridade:

a) Alumnado que cursase 2º de ESO

b) Alumnado que cursase 3º de ESO

c) Alumnado que cursase 4º de ESO

A admisión do alumnado corresponde ao director do centro.

G. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE, POR CIRCUNSTANCIAS DIVERSAS, PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA A UN CENTRO EDUCATIVO

Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.

A escolarización do alumnado menor de idade a quen, por decisión xudicial, se lle impoñan medidas que afectan a súa escolarización realizarase de acordo co establecido no artigo 7 da ***Lei orgánica 5/2000***, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. En todo caso, respectarase o dereito á educación do alumnado en idade de escolarización obrigatoria.

Alumnado sometido a medidas de protección e tutela.

A consellería con competencias en materia de educación desenvolverá accións de carácter compensatorio destinadas ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela, asegurando o seu acceso e permanencia no sistema educativo. Na súa atención, propiciará a subscrición de convenios de colaboración e protocolos de actuación con outras administracións ou entidades sen ánimo de lucro, co fin de garantir o cumprimento destas medidas.

A escolarización do alumnado sometido a medidas de protección e tutela realizarase de conformidade co procedemento establecido con carácter xeral; este alumnado será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar. Os centros docentes deben adoptar as medidas de atención á diversidade que procederen, para asegurar o seu proceso educativo.

A consellería con competencias en materia de educación garantirá ao alumnado asignado a familias acolledoras unha praza escolar no centro educativo en que se

escolarice outro alumnado dependente desas mesmas familias, fillas ou fillos ou outro alumnado acollido, sempre que no centro se impartan as ensinanzas que lle corresponde cursar.

Cando as medidas de protección e tutela supoñan un cambio de centro escolar, a súa tramitación e resolución levarase a cabo con carácter urxente.

Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.

A consellería con competencias en materia de educación asegurará, dentro do seu ámbito competencial e de acordo co establecido no artigo 17 da ***Lei 11/2007***, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero. Así mesmo, os centros educativos prestarán atención especial á inclusión e normalización do dito alumnado.

Nos casos en que for necesario un cambio de centro por motivos de violencia ou acoso escolar, garantirase a escolarización inmediata do alumnado afectado.

Alumnado pertencente a familias itinerantes.

Será destinatario desta atención aquel alumnado que, por razóns de itinerancia da súa familia, non poida asistir ao mesmo centro educativo de xeito continuado.

A consellería con competencias en materia de educación facilitará a escolarización deste alumnado nos centros do contorno onde itinere a súa familia ou representantes legais, nas condicións establecidas con carácter xeral para todo o alumnado e coas medidas de atención á diversidade que procederen, co fin de garantir a continuidade do seu proceso de aprendizaxe. O cambio, por razóns de itinerancia, dun centro educativo ao outro realizarase segundo o establecido para os traslados de centro, polo que o centro de orixe deberá facilitar ao centro de destino, logo de petición deste, a información pertinente.

Atención educativa a mozas embarazadas.

A consellería con competencias en materia de educación, en cumprimento do establecido no artigo 5 da ***Lei 5/2010***, do 23 de xuño, pola que se establece e regula

unha rede de apoio á muller embarazada, arbitrará as actuacións ou medidas de apoio necesarias para facer posible a continuación dos estudos por parte da menor embarazada e, se for o caso, do futuro pai en idade de escolarización obrigatoria, de forma compatible coas esixencias derivadas do embarazo e coas obrigas da maternidade e da paternidade.

Os centros docentes deberán proporcionar ás menores embarazadas que cursen estudos de ensino obrigatorio e postobrigatorio a adecuación dos procesos de ensino e aprendizaxe ás súas necesidades durante o seu embarazo e nos dous anos seguintes ao parto, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

A menor de idade durante o proceso de xestación e, posteriormente, no caso de se fixer cargo da atención da súa filla ou fillo, terá dereito a ser autorizada, pola Administración educativa, para asistir intermitentemente ao centro en que está escolarizada, de acordo coas súas necesidades. Este dereito esténdese ao pai menor de idade que xustifique un comportamento de paternidade responsable.

H. ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA

Atención educativa hospitalaria e domiciliaria.

A atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescrición facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo. En todo caso, priorizarase a atención ao alumnado das etapas de ensino obrigatorio.

Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

a) Longa hospitalización: máis de trinta días.

b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.

c) Curta hospitalización: menos de quince días.

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que for a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

A autorización da atención educativa domiciliaria correspónde á Administración educativa, de acordo co procedemento que se establecer.

A consellería con competencias en materia de educación determinará os recursos específicos que garantan a continuidade do proceso educativo do alumnado que precisar atención educativa hospitalaria ou domiciliaria, así como os criterios e procedementos para a súa atención e a coordinación interprofesional.

I. GRUPOS DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS

Considerarase alumnado obxecto destas medidas aquel que tendo unha idade comprendida entre os 3 anos e o límite de escolarización obrigatoria proceda do estranxeiro e, tras a correspondente avaliación, reúna algunha das necesidades educativas seguintes:

a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, galega e castelá.

b) Desfasamento curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.

c) Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais.

Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa

plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso en que se atope escolarizado. Esta medida estará dirixida, polo tanto, ao alumnado que descoñeza completamente aámbas as linguas oficiais de Galicia.

O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre, se ben a inspección educativa poderá autorizar a ampliación excepcional dese período. En todo caso, o alumno incorporarase plenamente ao seu grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao descoñecemento das linguas.

Os grupos de adquisición das linguas poderanse desenvolver na educación primaria e na educación secundaria obrigatoria e, excepcionalmente, no último curso da educación infantil. O alumnado que forme parte dun grupo de adquisición das linguas deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso ou ciclo.

Horarios

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de 24 períodos lectivos na educación secundaria obrigatoria. Non obstante, este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.

Coa finalidade de facilitar a integración escolar e social do alumno, este permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física e educación artística, na educación primaria, e de educación física, música e educación plástica e visual, así como no período de titoría, na educación secundaria obrigatoria. No caso do último curso da educación infantil e no primeiro ciclo de educación primaria, ademais das actividades específicas que se puideren desenvolver no grupo de adquisición das linguas tamén se levarán a cabo no contorno da aula ordinaria actividades de apoio á aprendizaxe da lingua.

Profesorado

O profesorado encargado na educación secundaria obrigatoria dos grupos de adquisición das linguas pertencerá preferentemente ás especialidades de tipo lingüístico. O titor/a deste alumnado será o que lle corresponda pola súa pertenza a

un grupo ordinario e será o encargado da coordinación do equipo docente, asesorado, se é o caso, polo departamento de orientación. A avaliación das aprendizaxes específicas sobre a lingua será continua e servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia nos grupos ordinario e de adquisición das linguas. Durante o período de permanencia no grupo de adquisición das linguas os pais/nais do alumno/a serán informados sobre o seu progreso na aprendizaxe específica de tipo lingüístico, así como no relativo á súa integración na vida do centro.

J. GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR

Os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado. Esta medida estará dirixida, polo tanto, ao alumnado que presente un desfasamento curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.

A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender ao longo de todo o ano escolar. Non obstante, o alumnado deberase incorporar plenamente ao seu grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao desfasamento curricular.

Os grupos de adaptación da competencia curricular só se poderán desenvolver no segundo e terceiro ciclo da educación primaria e na educación secundaria obrigatoria.

O alumnado que forme parte dun grupo de adaptación da competencia curricular deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que pertenza ao mesmo curso ou ciclo.

Horario

O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será de 8 períodos no segundo e terceiro ciclo da educación primaria, e de 10 na educación secundaria obrigatoria.

Tendo en conta que a finalidade dos grupos de adaptación da competencia curricular é conseguir que o alumnado poida incorporarse con normalidade ao seu grupo ordinario de referencia, en ningún caso o desenvolvemento das actividades do grupo de adaptación da competencia curricular poderá abranguer a totalidade do horario semanal de cada unha das materias con que coincide.

Profesorado

Na educación secundaria o profesorado encargado dos grupos de adaptación da competencia curricular pertencerá preferentemente a algunha das especialidades que correspondan ás materias obxecto de reforzo desa competencia.

Deberase establecer, polo profesor titor do alumno, a coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o de adaptación da competencia curricular, especialmente no relativo aos aspectos de tipo metodolóxico, programación de actividades docentes e o establecemento dos criterios de avaliación do alumnado.

O profesorado que interveña nos grupos de adaptación da competencia curricular asistirá ás sesións de avaliación do seu alumnado. No entanto, a emisión das cualificacións corresponderá ao profesorado do grupo ordinario, tendo en conta a información que proporcione o profesorado anteriormente citado. Así mesmo, os pais ou persoas responsables do alumno/a serán informados sobre os seus progresos na superación do desfasamento curricular, así como sobre a súa integración na vida do centro.

K. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA CON DESFASAMENTO CURRICULAR

1) Requisitos

2) Definición dos tempos, cargas horarias e modificación do curso de incorporación

O alumnado de incorporación tardía que presente desfasamento curricular poderá escolarizarse un curso por debaixo do que lle corresponder por idade adoptando as

medidas de flexibilización e tamén de tipo curricular como poden ser medidas de reforzo educativo e/ou adaptacións curriculares segundo as necesidades específicas de apoio educativo do alumnado con desfasamento curricular.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS E MEDIDAS DESEÑADAS

6.1. MEDIDAS ORDINARIAS

A. ELABORACIÓN DOS GRUPOS

Responsables	Temporalización	Recursos
• Equipo directivo • Asesora DO	• Setembro (secundaria) • Xullo (infantil/primaria)	• Informes xuntas avaliación • Informes centros adscritos

B. DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS

Responsables	Temporalización	Recursos
• Equipo directivo • Asesora DO	• Setembro (secundaria) • Xullo (infantil/primaria)	• Informes xuntas avaliación • Informes avaliación inicial • Informes centros adscritos

C. EXENCIÓNS DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

Responsables	Temporalización	Recursos
• Equipo directivo • Asesora DO	• Setembro (secundaria)	• Informes xuntas avaliación • Informes avaliación inicial • Informes centros adscritos

D. APLICACIÓN DE REFORZO EDUCATIVO

Responsables	Temporalización	Accións
• Profesor/titor (elabora) • DO (asesora) • Xunta avaliadora	• En calquera momento do curso	• Comunicación aos pais/nais • Rexistro no XADE

Sempre que for necesario implicará modificación metodolóxica sobre elementos non prescritivos incluíndo procedementos de avaliación (protocolos TDAH/TEA)

E. APOIO DO PROFESORADO DENTRO DA AULA

Responsables	Temporalización	Lugares
• Equipo directivo • DO (asesora) • Profesor titor/responsable da materia (elabora e avalía) • Profesorado con dispoñibilidade horaria	• En calquera momento do curso	• Dentro da aula • Puntualmente fóra

F. PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR

Responsables	Temporalización	Accións
• Eq. directivo (supervisa e executa) • Asesora DO • Profesor/Titor (elabora)	• En calquera momento do curso	• Comunicación aos pais/nais • Rexistro no XADE

G. PROGRAMAS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS

Responsables	Temporalización	Accións
• Equipo directivo (supervisa) • Asesora DO	• En calquera momento do curso	• Comunicación aos pais/nais • Rexistro no XADE

• Profesor/Titor • Profesor especialista con dispoñibilidade horaria • PT puntualmente		

H. PROGRAMAS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

Responsables	Temporalización	Accións
• CCP establece mecanismos • Departamentos • Eq. Directivo (supervisa)	• Ao principio do curso • Seguimento ao longo do mesmo	• Comunicación aos pais • Reflectirase nas programacións (non pode limitarse a unha proba extraordinaria)

I. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS SUSPENSAS

Responsables	Temporalización	Accións
• CCP establece mecanismos • Departamentos • Profesor da materia	• Ao longo do curso	• Comunicación aos pais • Reflectirase nas programacións

J. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS

Responsables	Temporalización	Accións
• CCP establece mecanismos • Xunta avaliadora	• Ao longo do curso	• Comunicación aos pais

K. PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS E MELLORA DA CONVIVENCIA

Responsables	Temporalización	Accións
• DO • CCP (aproba)	• A principios do curso	• Programas nos recreos • Incluír no PAT • Programa de intervención

		específico individualizado

6.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

A. ADAPTACIÓNS CURRICULARES

Responsables	Temporalización	Accións
• Equipo docente (decide) • DO (asesora) • Profesor materia (elabora)	• Ao longo do primeiro trimestre	• Comunicación aos pais • Rexistro no XADE

B. AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS

Responsables	Temporalización	Accións
• Equipo directivo • DO (asesora) • Inspección (autoriza)	• Antes do inicio do curso	• Comunicación aos pais/nais • Autorización da inspección • Rexistro no XADE

C. APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU EN AUDICIÓN E LINGUAXE

Responsables	Temporalización	Accións
• Equipo docente (decide) • DO (asesora) • Profesor/Titor (seguimento) • PT/AL (implementa)	• En calquera momento do curso	• Comunicación aos pais/nais • Elaboración do plan de traballo • Seguimento pola titoría

D. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN

Responsables	Temporalización	Accións
• Profesor/Titor (propón) • DO (asesora) • Eq. directivo (tramita) • EOE (asesora) • Inspección (informa) • DX (aproba)	• Ao remate do curso	• Comunicación aos pais/nais • Autorización da Dirección Xeral

E. PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (PMAR)

Responsables	Temporalización	Accións
• Xunta avaliadora (propón) • Eq. directivo (tramita) • D O (asesora) • Inspección (aproba)	• Antes do inicio do curso	• Comunicación aos pais/nais • Autorización da inspección

F. FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

Responsables	Temporalización	Accións
• Xunta avaliadora (propón) • Eq. directivo (tramita) • DO (asesora)	• Na avaliación extraordinaria	• Comunicación aos pais/nais • Solicitude no centro que se desexa

G. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE, POR CIRCUNSTANCIAS DIVERSAS, PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA A UN CENTRO EDUCATIVO

Responsables	Temporalización	Accións

• Equipo directivo • Asesora DO. • Profesor/Titor	• Ao longo do curso	• Elaboración de plan de coordinación coas familias

H. ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA

Responsables	Temporalización	Accións
• Equipo directivo • DO (asesora) • XT (autoriza)	• Ao longo do curso	• Envío de anexos á Xefatura Territorial • Elaboración de plan de coordinación co profesorado externo • Autorización do XT

I. GRUPOS DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS

Responsables	Temporalización	Accións
• Equipo directivo • Asesora DO. • Profesor/Titor • Profesorado con dispoñibilidade horaria	• En calquera momento do curso	• Comunicación aos pais/nais • Definición do tempo e carga horaria

J. GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR

Responsables	Temporalización	Accións
• Equipo directivo • Asesora DO. • Profesor/Titor • Profesorado con dispoñibilidade horaria	• En calquera momento do curso	• Comunicación aos pais/nais • Definición do tempo e carga horaria

K. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA CON DESFASAMENTO CURRICULAR

Responsables	Temporalización	Accións
• Equipo directivo • DO.	• En calquera momento do curso	• Comunicación aos pais • Definición do tempo e carga horaria

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

7.1. REUNIÓNS NO PROPIO CENTRO

a) Departamento de orientación

O departamento de orientación convoca unha reunión mensual cos membros do centro educativo e unha trimestral cos departamentos de orientación dos centros adscritos.

Realízanse semanalmente reunións co profesorado titor de ESO e co profesorado especialista en pedagoxía terapeútica coa finalidade de detetectar, avaliar e realizar seguimento do alumnado, e especialmente do que presenta necesidades específicas de apoio educativo.

Nas reunións co profesorado titor tamén se realiza seguimento de programas e actividades de acción titorial do Plan de Orientación Anual.

Avaliación inicial

Ao comezar o curso, noS primeiros quince días de setembro realízase a avaliación inicial para a ESO e FP.

b) Sesións de avaliación

As sesións de avaliación ordinarias serán trimestrais, coincidindo co primeiro, segundo e terceito trimestre así como unha avaliación extraordinaria en setembro.

c) CCP

A CCP reúnese mensualmente.

7.2. REUNIÓNS COS CENTROS ADSCRITOS

Establécense reunións trimestrais coas xefas do departamento de orientación dos centros adscritos, poñendo especial énfase na reunión do terceiro trimestre onde se poderán concretar accións que favorezan o tránsito entre etapas educativas.

7.3. REUNIÓNS COS PROFESIONAIS QUE ATENDEN ALUMNADO EN ATENCIÓN DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA

Reunión ao comezo da atención domiciliaria, coordinación periódica por correo electrónico e telefóno, así como a elaboración dunha reunión e un informe mensual.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

8.1. COLABORACIÓN CON FAMILIAS OU TITORES LEGAIS

As nais/pais ou titores/as legais teñen acceso a abalar móbil para recibir información do alumnado. Ao mesmo tempo as familias poden contactar co centro e solicitar cita previa co profesorado en calquera momento. O profesorado comunícase coas familias cando o considerar necesario para unha comunicación máis directa e eficaz.

8.2. COLABORACIÓN CON INSTANCIAS EXTERNAS

- O IES Politécnico de Vigo participa no Plan Proxecta e Contratos Programas en colaboración con outros centros do contorno co reto de crear centros coeducativos e inclusivos.

- O IES Politécnico de Vigo en coordinación con Alicce (Formación para a mellora das relacións humanas) traballa na formación en competencias socioemocionais e para o emprego destinadas ao alumnado de FPB, así como na creación e consolidación do equipo: “alumnado axudante” de ESO especializado na resolución pacífica dos conflitos e de prestar axuda entre iguais.

- O IES Politécnico de Vigo, en concreto o equipo de igualdade do centro, coparticipa no “Enlaza Vigo” e organiza diversas conferencias, obradoiros e coloquios ao redor de previr a violencia de xénero e conmemorar o Día Internacional das Mulleres con motivo do 8 de Marzo.

- O IES Politécnico de Vigo coordínase coa Universidade, CIUGA, as Escolas Superiores de Arte e de Formación Profesional, organizando visitas e conferencias de orientación vocacional destinadas ao alumnado do centro, coa finalidade de orientar e acompañar o alumnado na súa transición a outros estudos.

- O centro colabora con servizos sociais nos casos que sexa necesario para salvagardar os dereitos do noso alumnado, e coordínase con diferentes ONGs en función das necesidades do alumnado.

- O IES Politécnico de Vigo colabora a través de convenios de prácticas e formación con diferentes empresas, para facilitar as prácticas profesionais e a incursión no mundo laboral do alumnado de ciclos formativos.

8.3. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO

Segundo o modelo oficial da Xunta de Galicia designado para este fin.

9. PROTOCOLO DE DERIVACIÓN DO ALUMNADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Datos do alumno/a			
Apelidos:		Nome:	
Curso:		Data nacemento:	

Derivado por (márquese o que proceda):					
☐	Titor	☐	Profesor da materia de:	☐	Solicitude dos Pais

Motivo da demanda

En XXXXXXXXX, a XXX de XXXXX de 20XX

O profesor/titor,

Nome e apelidos

10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Para o seguimento, avaliación e mellora do plan levaranse a cabo diferentes accións que asegurarán o correcto funcionamento do mesmo.

Avaliaranse os diferentes documentos relativos á atención á diversidade a través da elaboración de memorias dos plans e programacións, nos cales se comprobarán se se

acadan ou non os obxectivos propostos e, no caso de non se acadaren, afóndase nos motivos para futuras melloras.

Ademais, avalíanse estas accións a través de reunións de departamento, reunión cos titores, CCP e Claustro, de maneira mensual, trimestral e anual.

Por outro lado, terase en conta a opinión do profesorado titor, da mestra especialista en pedagoxía terapéutica e do profesorado, en xeral, implicado no Plan.

Cada curso escolar realízase o Plan Anual de Atención á Diversidade, onde se concretan as medidas recollidas neste Plan Xeral.